



# AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN

**Máster Universitario en**  
***Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.***

**Curso Académico: Curso 2017-2018**

■ 1.- DATOS DEL TÍTULO

■ 2.-CUMPLIMIENTO DEL PROYECTO ESTABLECIDO

■ DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

■ CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO

■ CRITERIO 2. INFORMACIÓN Y TRANSPARENCIA

■ CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD

■ DIMENSIÓN 2. RECURSOS

■ CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

■ CRITERIO 5. RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS

■ DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

■ CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAJE

■ CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN Y RENDIMIENTO

■ 3.-MODIFICACIONES DEL PLAN DE ESTUDIOS

■ Anexo: LISTA DE EVIDENCIAS E INDICADORES

<u>1.DATOS DEL TÍTULO</u>	
Denominación del título	Máster Universitario en <i>Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.</i>
Menciones/Especialidades	_____
Universidad responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non procede
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s donde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de conocimiento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidad de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Fecha acreditación ex ante (verificación)	06/07/2009
Fecha renovación acreditación	23/10/2015

## DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO:

**Estándar: El programa formativo está actualizado y se ha implantado de acuerdo a las condiciones establecidas en la memoria verificada.**

Analizar y valorar si el desarrollo del plan de estudios se ha realizado conforme a la memoria verificada y no se han producido incidencias graves, lo que ha permitido una correcta adquisición de las competencias por parte de los estudiantes.

#### 1.1.- El título mantiene el interés académico y está actualizado según los requisitos de la disciplina, avances tecnológicos y científicos, necesidades socioeconómicas y requisitos de la profesión.

Aspectos a valorar:

- El perfil formativo/egreso del título mantiene su relevancia y está actualizado según los requisitos de su ámbito académico, científico y profesional y, en su caso, según las necesidades y requisitos de la profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O máster en *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos* segue a ser unha **oferta única** no sistema universitario galego e singular no sistema universitario español. Conta, ademais, cunha longa e estable traxectoria académica. Iníciase no curso 2009-2010, a partir dun programa de Terceiro Ciclo interdisciplinar que se centraba na mesma temática e que obtivera unha Mención de Calidade do MEC (MCD 2005-00241, BOE 14 de xullo de 2005), continuada tras superar unha auditoría (BOE, 30/08/2006) e dous informes de seguimento (2007 e 2008). Despois da aprobación do título verificado pola *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación* (ID Verifica 1485/2009 – ID MEC 4311760), pasou anualmente, sempre de xeito favorable, os informes de seguimento anuais preceptivos da ACSUG e o proceso de acreditación no curso 2014-2015 (e no curso 2016-2017 unha avaliación externa).

A súa elevancia céntrase fundamentalmente no seu carácter interdisciplinar, ao estudar a Idade Media desde os tres ámbitos principais —a historia, a arte e a filoloxía—, abordados de xeito transversal para abarcar toda a complexidade desta época dun xeito integrador. Esta orientación proporciona aos alumnos unha formación especializada e polivalente na Idade Media que lles permitirá, con posterioridade, profundar nos aspectos que sexan do seu interese investigador. Na súa articulación están implicados dous centros, a Facultade de Xeografía e Historia e a Facultade de Filoloxía, e nove áreas de coñecemento (Historia Medieval, Historia da Arte, Filoloxía Románica, Filoloxía Latina, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Filoloxías Galego-Portuguesa, Filoloxía Alemá, Filoloxía Catalá e Filoloxía Italiana), posto que o obxectivo é dar a máxima información acerca da Idade Media europea para que nun futuro os egresados poidan afrontar a investigación sobre calquera aspecto relacionado coa Idade Media. O título de *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos* quere precisamente poñer de manifesto o establecemento de relacións constantes entre as diversas disciplinas que configuran a oferta académica. Neste sentido o labor de coordinación do Máster é fundamental. Cóntase cun regulamento para o réxime interno, aprobado por Consello de Goberno o 07/11/2011, que establece as normas que rexen no título (véxase apartado 1.3). Toda a documentación sobre o título pode consultarse na web propia: <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/> (con amplo e detallado historial), e tamén na web da Facultade de Filoloxía, que pon a disposición pública información sobre cada un dos mestrados que se imparten no centro ([http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/Mestrado/Estudos\\_medievais/index.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/Mestrado/Estudos_medievais/index.html)).

No relativo ás prazas de novo ingreso ofertadas e cubertas, hai que sinalar que na traxectoria do Máster houbo unha certa oscilación cunha boa media de alumnos matriculados, o que indica a consolidación do título. Nos últimos anos produciuse un certo descenso de matrícula que actualmente está remontando. Explicamos brevemente o percorrido para que se entenda a situación actual. Nun inicio a demanda superou amplamente as expectativas marcadas que consideraban 10 prazas de novo ingreso. No curso 2009-2010 matriculáronse un total de 17 alumnos; este número foi sobrepasado dous anos máis tarde (2011-2012), polo que se solicitou ao SXOPRA unha ampliación de oferta de novo ingreso de 20 prazas a 25. Máis tarde, a cifra descendeu e volveu a subir no curso 2013-2014 con 23 alumnos matriculados. Superouse o número no seguinte curso (2014-2015) con 26 alumnos matriculados e con nova ampliación da oferta a 28 alumnos. Nos tres últimos cursos (2015-2016, 2016-2017, 2017-2018) a tendencia foi descendente con 14, 12 e 10 alumnos respectivamente (os alumnos matriculados en total foron neses cursos 23, 16 e 15, respectivamente) (véxanse IN01C-PC-05, IN02C-PC-05, IN03-PC-05). A flutuación de estudantes está en boa medida relacionada coa implantación doutros másteres na USC no ámbito tanto da Filoloxía como da Historia e da Historia da Arte, así como coa convocatoria de prazas de profesorado de Secundaria (paralizadas durante os anos previos). A partir das tarefas da AM3 postas en marcha durante o curso 2017-2018 (elaboración de folletos informativos e distribución nos centros e en actividades de interese, difusión en redes sociais, publicidade nos medios de comunicación, etc.) e do empeño posto polo propio título, esta situación parece que foi revertida. Actualmente, no curso 2018-2019, a matrícula de novo ingreso ascende a 19 estudantes.

A fin de axustar a oferta de prazas á demanda real do máster destes últimos anos, púxose en marcha a AM-1, na que se tratou de equilibrar ambos índices. Solicitouse ao SXOPRA unha redución de prazas, pero, como existen restricións sobre a porcentaxe de redución admisible en relación ás prazas ofertadas no curso precedente, a oferta para o curso 2018-2019 tivo que axustarse a 26 prazas. Para o curso 2019-2020 volve a proporse unha Acción de Mellora que contempla a redución

de dúas prazas de oferta, porque se considera que na situación actual de estudos de posgrao esta cifra está máis acorde coas solicitudes de inscrición (AM-1 curso 2018-2019).

A matrícula realizouse por preinscrición durante os cursos 2014-2015, 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 (IN04-PC-05). A partir do curso 2018-2019 a USC adiantou o calendario de admisión e matrícula nos mestrados, polo que se considerou mellor opción a matrícula directa, sen unha prescrición previa (<http://www.usc.es/masteres/gl/masteres/admision>).

Ademais da cantidade de alumnos matriculados, a boa evolución do título compróbase en parámetros como o ingreso cada curso de estudantes procedentes de Universidades de fóra do SUG, a diversidade de titulacións dos alumnos matriculados e tamén a elevada nota media de entrada:

(i) A porcentaxe de alumnos nacionais de fóra de Galicia que escollen o noso mestrado é bastante alta e en tendencia sempre ascendente (no curso 2014-2015 matriculáronse 17,76 %, no 2015-2016 o índice subiu a 21,75%, no curso 2016-2017 o 25,00%, e no curso 2017-2018 o 26,67%) (IN06C-PC-05); a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é tamén elevada (en 2014-2015 96%, en 2015-2016 84,62%, en 2016-2017 100%, e en 2017-2018 100%). Tamén se conta con alta participación de estudantes estranxeiros (incluso extracomunitarios): no curso 2014-2015 foi dun 5,88 %, no curso 2015-2016 dun 4,35%, no curso 2016-2017 dun 6,25%, se ben hai que sinalar que no curso 2017-2018 non se matriculou no título ningún alumno estranxeiro (IN08-PC-05).

A procedencia dos estudantes de fóra de Galicia (INF 16) foi a seguinte:

- Curso 2014-2015: 1 Andalucía, 1 Canarias, 1 Cantabria, 1 Madrid.
- Curso 2015-2016: 1 Brasil, 2 Asturias, 1 Baleares, 1 Madrid, 1 País Vasco.
- Curso 2016-2017: 1 Asturias, 2 Castilla-La Mancha, 1 Madrid.
- Curso 2017-2018: 1 Asturias, 1 Castilla y León, 2 Madrid.

En relación con este dato, cabe sinalar que no estado español só existen outras dúas universidades que ofertan estudos dalgún xeito similares e que tomaron este máster como referente (o Máster en Estudos Medievales da Universidad Complutense de Madrid e o Máster en Culturas Medievales de la Universitat de Barcelona). A estes dous títulos, habería que sumar un terceiro impartido de xeito online o Máster Identidad Europea Medieval na Universitat de Lleida.

Esta boa acollida por parte de alumnado de fóra da Comunidade galega pode ser explicada a partir de varias accións de mellora postas en marcha durante o curso 2017-2018 (e en cursos anteriores) orientadas a dar a coñecer e difundir o máster no ámbito universitario interesado na Idade Media. As tarefas da AM-3 mencionadas antes repercutiron na difusión do título fóra do Sistema Universitario Galego. Ademais, traducíronse os contidos da web propia, xa citada, ao castelán (unha tarefa laboriosa, posto que os contidos son extensos) (véxase AM-4.1, curso 2017-2018). Cómpre notar que a elaboración e posta en marcha desta web propia, na que se recolle unha información pormenorizada sobre os estudos do título, implicou e implica un esforzo considerable por parte das persoas responsables da xestión do máster, que conta cuns recursos humanos reducidos para levar a cabo este tipo de labores técnicos. A web ten unha traxectoria longa, púxose en marcha nos primeiros anos de inicio dos estudos do título, con modificacións e incorporación de novos contidos para que a información difundida sexa o máis completa e actualizada posible.

(ii) O perfil de ingreso dos alumnos está en relación co carácter interdisciplinar do máster. Os estudantes non só proceden das especialidades de arte, historia e das diversas filoloxías, senón que tamén se achegan doutros ámbitos das Humanidades, como filosofía, musicoloxía, "Laurea in Lettere", etc. Esta variedade e complementariedade enriquece notablemente a calidade das clases, posto que aportan visións e orientacións diversas aos estudos (véxase máis información sobre este aspecto no apartado 1.4.).

(iii) A nota media de acceso é superior a 7 e está en relación co elevado nivel académico que presentan os estudos: no curso 2014-2015 de 7,62; no 2015-2016 de 7,41; no 2016-2017 de 7,70; e no 2017-2018 de 7,56 (IN06C-PC-05).

Unha das fortalezas do título é a ampla oferta académica de materias optativas que se ofrecen no segundo cuatrimestre e que permite formarse como especialista nesta época. A pesar de que o número de profesores se reduce ano a ano por xubilacións e pola excesiva carga docente nos estudos de Grao, os docentes fan un esforzo por trataren de manter o amplo abano de materias para que os alumnos poidan elixir segundo os seus intereses. Durante todo o período no que estivo en vigor o título (2009-2019) non se reduciu ningunha das materias deseñadas na Memoria de Verificación.

Por outro lado, e completando a información anterior, hai que sinalar que o excelente cadro docente queda reflectido no apartado de Recursos Humanos, no que o índice IN24C-PS-01 mostra a alta calidade da actividade investigadora (superior á media da USC), a excelencia (catedráticos, acreditados a cátedra, participación en proxectos de I+D+I), incluso coa incorporación na docencia destes últimos cursos da experiencia e o prestixio de profesores eméritos. O conxunto de PDI que imparte docencia goza de ampla —e internacionalmente prestixiosa— experiencia docente e investigadora. Os grupos de investigación nos que se integra teñen unha elevada taxa de éxito na consecución de proxectos do Plan Nacional e algúns internacionais, así como nas convocatorias de consolidación da Xunta de Galicia. Tamén son relativamente

significativas, no contexto xeral de crise económica, as axudas predoutorais conseguidas por egresados do Máster (véxase Anexo 1 FPU-Predoc-Posdoc.docx en E 31, e apartado 7.3).

Este esforzo por parte do PDI é ben valorado nas enquisas dos alumnos, que reflicten un elevado grado de satisfacción co título, por riba da media da USC e dos estudos do mestrado. Os datos dos cuestionarios dos alumnos son comentados no apartado 7.2.

Ao longo da traxectoria destes anos sempre se tentou mellorar a oferta do título, atendendo as necesidades que se ían detectando e tratando de responder ás esixencias do mundo actual. Unha boa proba é a proposta de realización de prácticas externas, no curso 2017-2018, que non estaba proxectada nun principio na Memoria de Verificación do título, e que se considerou oportuna para completar e aproximar a formación dos alumnos a perfís profesionais. O proceso comezou xa no curso 2016-2017 con contactos con empresas e inicio da documentación (véxase a AM-2 curso 2017-2018, coas tarefas AM-2.1., AM-2.2. e AM-2.3). Considerouse que a oferta de institucións e empresas debería abranger os diferentes ámbitos relacionados coa Idade Media, acorde co carácter transversal do título. Desde un primeiro momento a relación de entidades foi bastante ampla e diversa para que os estudantes tivesen un adecuado abano de opcións nas que poder desenvolver e aprender saídas profesionais. Esta oferta tratase de acrecentar progresivamente incorporando outras entidades que completen a oferta (véxase neste sentido a AM-2, curso 2018-2019).

Relacionado coa orientación laboral, hai que sinalar que, aínda que o máster ten unha orientación fundamentalmente investigadora, a formación que proporciona capacita para o desenvolvemento de profesións de moi diversos tipos. Como exemplo recente, cabe poñer de relevo a importante taxa de éxito alcanzada por egresados deste Máster nas probas de habilitación para guías turísticos; pero facilita enormemente, tamén, o acceso a calquera posto de traballo en museos, arquivos, bibliotecas, organismos relacionados co patrimonio, etc. Así mesmo, é significativo salientar a posibilidade de entrar en contacto coas chamadas Humanidades Dixitais (as relacións do medievalismo coas novas tecnoloxías) a partir deste máster (véxase apartado 7.3).

O título facilita aos alumnos a posibilidade de continuar a súa liña de investigación na Idade Media nun Programa de Doutoramento específico, centrado na Idade Media (Programa de Doutoramento en *Estudos Medievais*), do que forman parte a maioría dos profesores que imparten clase no mestrado e no que participan incluso na súa xestión (o Coordinador do Programa e a comisión están conformadas por docentes do máster). Isto complétase, ademais, coa vinculación do máster á *Rede de Estudos Medievais interdisciplinares*, que engloba diversos grupos de investigación centrados na Idade Media e que foi financiada pola Xunta de Galicia en diferentes convocatorias (véxase información en <http://www.usc.es/estmedin/>). Esta orientación transversal permite ofrecer ao longo do curso académico un gran número de seminarios de diferentes disciplinas impartidos por especialistas de prestixio, a realización de visitas guiadas ao patrimonio artístico (actividade de excelente aceptación por parte dos alumnos como se amosa a través de enquisas internas realizadas no título), e incluso na realización de congresos e reunións científicas. Véxase unha relación de actividades en E31 (Anexos 2, 3 e 4).

Así pois, o título permite unha formación transversal como especialista na Idade Media atendendo aos principais intereses investigadores dos alumnos e tendo en conta tamén as necesidades do mundo actual, tanto a nivel profesional como académico. Neste sentido permítasenos recordar que o máster ten un excelente marco de estudo no ámbito da cidade de Santiago de Compostela, que posúe un patrimonio cultural valioso e considerablemente rico que precisa conservar, investigar e difundir (é especialmente importante a conexión que se establece coa historia de Galicia, en particular co marco do Camiño de Santiago, de gran relevancia na Idade Media). Aproveítase, ademais, que arredor do máster se aglutina unha serie de grupos de investigación consolidados que teñen entre as súas liñas prioritarias o estudo da Idade nas súa diversas facetas.

Polo tanto, consideramos que o máster continúa tendo unha relevancia tanto a nivel académico como a nivel investigador e profesional no sistema de estudos de posgrao que oferta a USC.

## **1.2.- El plan de estudios se ha desarrollado siguiendo la oferta de módulos, materias y asignaturas previstas en la memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- La oferta de módulos, materias y asignaturas se corresponde con lo establecido en la memoria de verificación y, si es el caso, en las sucesivas modificaciones.
- El desarrollo de las actividades académicas, metodologías docentes, sistemas de evaluación y calificación, se corresponden con lo establecido en la memoria de verificación y permite la consecución de las competencias. El tamaño de los grupos es adecuado a las actividades formativas.
- En su caso, el curso de adaptación cumple su función en cuanto a la adquisición de competencias y conocimientos, por parte de los estudiantes que los cursen y se adecúa a lo establecido en la memoria de verificación del título.
- Participación del alumnado en programas de movilidad.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A oferta de 5 materias obrigatorias, que se cursan no primeiro cuadrimestre para ter unha visión transversal e global das disciplinas máis importantes que enmarcan a Idade Media e dar a coñecer o contexto histórico-cultural e literario das manifestacións concretas (historia, arte, cultura latina, literatura en linguas vernáculas e fundamentos metodolóxicos), é completada con 7 materias optativas (que combinan o contido filolóxico, histórico e artístico), das que o alumno debe escoller 3 (ou 2 se opta pola realización de Prácticas Externas). A Memoria de Verificación así o marcaba. A proposta mantívose desde o seu inicio sen ningunha redución adicional, como xa se comentou no apartado 1.1., a pesar das dificultades que nestes momentos está atravesando a docencia universitaria polo número de xubilacións (incluso produciuse o falecemento dunha profesora que desempeñaba unha función moi activa no título).

No curso 2017-2018 houbo unha adaptación e modificación do calendario de clases. Atendendo ao desexo dos estudantes de ter unha maior dispoñibilidade de tempo cara aos meses finais do segundo cuadrimestre para a elaboración do TFM e a realización de prácticas externas, as clases deste período adiantan o seu inicio e comezan despois das vacacións de Nadal (previa autorización da Reitoría).

O número de alumnos nas materias optativas é variable. As materias con maior cota de alumnos son, por orde de preferencia:

#### Curso 2017-2018:

- Feudalismo, Territorio e Poder,
- Sociedade Medieval e Cultura cortés
- Igrexa e Espiritualidade medieval
- A escritura e o escrito na Idade Media
- Mitos e figuras no imaxinario medieval
- Viaxes e Peregrinacións na Idade Media
- O Mundo clásico na Idade Media

A prelación non é significativa respecto aos cursos anteriores, existindo un certo equilibrio na evolución. Nótase que ás veces a elección está relacionada co calendario (advírtese certa preferencia por aquelas materias que se imparten nos primeiros meses do semestre), polo que para evitar distorsións cada ano se rota a temporalidade na que se imparten as optativas. Nos restantes cursos a relación de materias / número de alumnos por orde é a seguinte:

#### Curso 2016-2017:

- A Igrexa e a Espiritualidade Medieval
- Mundo Clásico na Idade Media
- Sociedade Medieval e Cultura Cortés
- Viaxes e Peregrinacións na Idade Media
- Mitos e figuras no imaxinario medieval
- Feudalismo, Territorio e Poder
- A Escritura e o Escrito na Idade Media

#### Curso 2015-2016

- Mitos e figuras no imaxinario medieval
- Viaxes e Peregrinacións na Idade Media
- A Igrexa e a Espiritualidade Medieval
- Mundo Clásico na Idade Media
- Sociedade Medieval e Cultura Cortés
- Feudalismo, Territorio e Poder
- A Escritura e o Escrito na Idade Media

#### Curso 2014-2015:

- Igrexa e Espiritualidade medieval
- A escritura e o escrito na Idade Media
- Feudalismo, Territorio e Poder
- Sociedade Medieval e Cultura Cortés
- Mundo Clásico na Idade Media
- Mitos e figuras no imaxinario medieval
- Viaxes e Peregrinacións na Idade Media

Con todo, a relación de materias ampliouse coa posta en marcha das Prácticas externas no curso académico 2017-2018, computable como unha materia optativa de 6 créditos. No informe da renovación da acreditación do título recomendábase precisamente a ampliación de materias indicando algunhas posibilidades. Isto non puido levarse a cabo, dado que os recursos humanos cos que conta o máster son cada vez máis limitados. A observación foi atendida deste xeito que complementa os estudos teóricos do máster. Durante o curso 2016-2017 iniciáronse as xestións para a inclusión de prácticas externas, como se pon de manifesto no informe de seguimento. A AM-2 levada a cabo estaba orientada a consolidar a opción de prácticas externas a través de dúas tarefas que ampliaron o número de empresas e institucións e a través tamén

da elaboración dos formularios e modelos de informes que deben cubrir títulos académicos, títulos profesionais e alumnos. Como sinalamos antes, o título desexa ampliar a oferta de empresas e, ao mesmo tempo, reforzar o labor de coordinación entre todos os axentes que interveñen no proceso co nomeamento dun representante do título na Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía (véxase AM-3 curso 2018-2019).

Así mesmo, o desenvolvemento das actividades docentes, o desenvolvemento das metodoloxías e os sistemas de avaliación seguen os parámetros marcados na memoria, e sempre se teñen moi presentes. Cada materia conta, ademais do programa preceptivo, dunha completa guía docente na que se recollen datos descritivos da materia, o sentido da materia no proceso formativo do máster, obxectivos específicos, contidos, bibliografía exhaustiva, competencias, metodoloxía e recursos, sistema de avaliación e cronograma, acompañando unha relación de directrices para a presentación e elaboración de traballos en materias que contemplan este tipo de actividade como elemento de avaliación (véxanse as guías docentes do 2018-2019 nos enlaces correspondentes da [web propia](#), e da [web da F. de Filoloxía —E4—](#)). As guías docentes están a disposición pública, antes de que se inicie o período de matrícula, polo que o estudante ten acceso a información detallada e incluso complementaria no período de inscrición. Por outra parte, a Comisión do título revisa as guías antes da súa aprobación e corrixe problemas puntuais que acontecen, como se reflicte nas actas das reunións da Comisión.

O tamaño dos grupos no curso 2017-2018 foi reducido, dado que o descenso de alumnos acaecido nese curso tivo como consecuencia positiva unha atención máis individualizada. Neste sentido, a taxa de ocupación (IN12M-PC-05) indica unha tendencia descendente. No curso 2017-2018 foi do 35,71 %, no curso 2016-2017 de 39,29%, no curso 2015-2016 de 50%, e no curso 2014-2015 do 89,29%. A media de alumnos por grupo de teoría é do 7,45 (IN31M-PS01), por grupo de docencia interactiva é de 7,54 (IN32M-PS01), uns valores máis baixos que a media da USC que está en 16,41 para o grupo de teoría e en 17,72 para o grupo de docencia interactiva. Nos anteriores cursos a media por grupos foi superior:

- curso 2016-2017, a media de alumnos por grupo de teoría é do 7,92, e por grupo de docencia interactiva 8,43.
- curso 2015-2016, a media de alumnos por grupo de teoría é de 10,08, e por grupo de docencia interactiva 11.
- curso 2014-2015, a media de alumnos por grupo de teoría é de 18,33, e por grupo de docencia interactiva 19,38.

O alumnado propio do máster non participa en programas de mobilidade. A USC non oferta prazas para másteres de 60 ECTS. En cambio, o título é receptor de alumnos procedentes doutras universidades a través de programas de mobilidade que aproveitan a excelente calidade das materias (fundamentalmente de Italia). Hai que resaltar a tendencia ascendente nesta captación de alumnos sendo o aumento bastante significativo no curso 2017-2018, respecto aos outros dous cursos anteriores. O IN18-PC-08 mostra unha porcentaxe do 13,33 % (no curso 2012-2013 fora do 7,14%, e no 2015-2016 do 4,35%).

### **1.3.- El título cuenta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar si el desarrollo del plan de estudios posibilita la adquisición de las competencias por parte de los estudiantes y, en su caso, se establecen las acciones de mejora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- La coordinación horizontal y vertical entre las diferentes materias-asignaturas del plan de estudios evita vacíos y duplicidades.
- En el caso de que el título se imparta en varios centros de la Universidad o sea interuniversitario, se analizará el funcionamiento de los mecanismos de coordinación entre todos los centros/Universidades que imparten el plan de estudios.
- En el caso de que existan prácticas externas, se valorará si los mecanismos de coordinación permiten a los estudiantes alcanzar las competencias asociadas a dichas prácticas.
- En el caso de que el título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) se valorará la coordinación docente entre las modalidades, con el fin de que los estudiantes puedan alcanzar las mismas competencias con independencia de la modalidad cursada.

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Dado o carácter transversal e interfacultativo do máster, é especialmente importante a coordinación a todos os niveis, polo que se lle presta especial atención a este aspecto. Cada coordinador de materia actúa de intermediario entre os docentes da mesma mantendo unha estreita relación con eles, sobre todo, para combinar unha auténtica interdisciplinidade entre todas as áreas, para garantir a adecuación do programa, a metodoloxía e o sistema de avaliación cos obxectivos formativo do título, e tendo en conta, ademais, que a diversidade de estudantes matriculados ocasiona problemas particulares que deben ser solucionados puntualmente. Á súa vez, a coordinación do máster está en contacto cos coordinadores das materias a través do correo electrónico e de reunións periódicas. Por outra parte, os programas e as guías docentes son revisados todos os cursos para a súa aprobación polos membros da comisión (véxanse as actas correspondentes). Son analizados diferentes aspectos, sobre todo, os contidos para evitar solapamentos e a planificación de entrega de traballos monográficos, datas de avaliación, cumprimento do horario de clases fixado, etc. Nas guías docentes recóllese un mesmo formato de elaboración de traballo para que o alumno teña un modelo parecido de organización formal. O primeiro día de clase realízase unha sesión conxunta de presentación do máster dirixida aos novos alumnos, na que a coordinadora do título e os coordinadores de todas as materias (obrigatorias e optativas) indican as directrices e as pautas principais do curso, e son explicados os aspectos máis relevantes, como calendario (xa anunciado previamente na web propia do título e na web da Facultade de Filoloxía), contidos, sistema de avaliación, organización e planificación do TFM, datas da convocatoria de Prácticas Externas, criterios para a súa adxudicación, etc. Trátase dunha práctica iniciada desde a implantación do máster e que se continúa realizando todos os cursos polos bos resultados e a excelente acollida que ten



entre os estudantes. Ademais, á parte dos coordinadores, cóntase coa presenza de profesores das materias. Esta sesión de benvinda complétase con outra máis institucional, que se leva a cabo na Facultade de Filoloxía, dirixida a todos os estudantes dos mestrados que se imparten no centro (véxase apartado 2.1.).

Tamén se cuida a coordinación a outros niveis dentro dun proceso no que se busca a participación e representación de todas as áreas, cuidando preservar o carácter transversal e integrador, incluso en aspectos relacionados coa xestión. Se ben administrativamente o Máster está adscrito á Facultade de Filoloxía, a súa coordinación rota cada dous anos entre as dúas Facultades desde o seu inicio. Na comisión están representadas de forma proporcional as diferentes disciplinas (véxase apartado 3.1.) Todo isto contribúe a unha maior implicación de todos os participantes na boa marcha do máster, e un mellor funcionamento do mesmo.

O horario de clases desenvólvese en quenda de tarde en aulas reservadas da Facultade de Xeografía e Historia e da Facultade de Filoloxía, dependendo dos días da semana. As actividades formativas ofrécese, así mesmo, en espazos pertencentes a ambos centros variando segundo o organizador (ou organizadores) do evento.

A coordinación do título está en contacto permanente cos alumnos para coñecer os problemas que se presentan e tratar de solucionarlos de forma áxil e eficiente, ben a través da comunicación persoal en tutorías e en reunións puntuais, ben a través doutros medios como correo electrónico (a AM-8.1 referíase á inclusión na web propia dunha sección de atención a "suxestións e queixas"). Para o curso 2018-2019 propónse a planificación e execución de cuestionarios globais en papel para ser cubertos de forma anónima e voluntaria por alumnos para detectar fortalezas e debilidades do título (AM-6 curso 2018-2019). Unha das consultas máis reiteradas durante o ano académico 2017-2018 centrouse na modificación do sistema de solicitude de defensa de TFM coa inserción do procedemento telemático que suscitou moitas consultas, posto que se cambiaba o sistema de entrega. A AM-7 (curso 2018-2019) permitirá ter unha información breve sobre o proceso de entrega de TFM, que será colgada na web propia e que será remitida aos alumnos por correo electrónico.

O título sempre estivo moi atento a facilitar o labor de traballo aos estudantes. No caso do TFM elaborouse, por unha parte, unha guía docente que recolle os obxectivos, contidos, competencias, metodoloxía e avaliación, e, por outra, un documento con orientacións sobre as características formais. Ademais, acompáñase con información da normativa e regulamento en vigor, formularios que se deben presentar, calendario, tribunal avaliador, etc. (véxase a sección [TFM](#) da web propia). Desde a coordinación remítense recordatorios mediante comunicación electrónica nas diferentes fases do proceso.

En relación coas prácticas externas, como xa se comentou, foron implantadas por primeira vez no curso 2017-2018, nun proceso que foi especialmente laborioso, posto que se tivo que atender á revisión e sinatura de convenios de colaboración (con problemas de adecuación entre entidades en moitos casos), nomeamento dos titores profesionais, nomeamento dos titores académicos e elaboración de modelos de informes para os alumnos en prácticas e para titores académicos e titores profesionais, etc. A coordinación informou nunha sesión presencial do proceso e do sistema de adxudicación e alertou por correo electrónico dos períodos de solicitude, adxudicación provisional, período de reclamacións e adxudicación definitiva. Tivemos que resolver, neste sentido, numerosas consultas de alumnos e de titores. As prácticas nesta primeira edición foron seguidas pola metade dos alumnos de novo ingreso e todos os alumnos conseguiron realizalas nos centros da súa elección. O baremo tomado en consideración foi o expediente académico (só nun caso houbo que recorrer á prelación).

Os resultados das enquisas das prácticas (80% de participación) demostraron un elevado e significativo grao de valoración (IN19M-PC-09) (4,79 sobre 5), sendo o ítem da utilidade e complementariedade na formación moi ben avaliado. O índice de satisfacción é máis elevado cá media global dos estudos. Os titores académicos mostran tamén un alto grao de satisfacción co desenvolvemento das mesmas (IN21M-PC-09) (4,20 sobre 5). Sen embargo, hai que sinalar que os titores profesionais non contestan a este respecto na enquisa correspondente. Intentouse indagar se houbo algún problema preguntando aos titores e a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, e parece que debeu haber algún atranco involuntario. A AM- 4 intentará seguir o proceso de achegamento das enquisas aos titores para evitar que acontezan estas distorsións.

O réxime de estudos segue a ser presencial. De acordo coa normativa da USC en casos puntuais admítense a dispensa oficial adaptando o sistema de avaliación a esta situación, tal e como se fai constar na programación das materias. Durante os cursos 2014-2015, 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 non se rexistrou ningunha solicitude deste tipo. Ademais, tamén se contempla a posibilidade de matrícula a tempo parcial á que se acolle algún estudante todos os cursos, para que o máster poida ser cursado por alumnos que están desenvolvendo tarefas profesionais.

Os idiomas nos que se imparten as clases son o galego e o español, aínda que a procedencia de alumnos de fóra da comunidade galega fai que predomine o español na docencia en case todas as materias. Atendendo a esta diversidade de orixe, admítense outras linguas na entrega de traballos e tamén en actividades académicas.

#### **1.4. Los criterios de admisión aplicados permiten que los estudiantes admitidos tengan el perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre el perfil de ingreso establecido en la memoria verificada y el perfil real del estudiantado matriculado en el título.
- En su caso, los complementos de formación cumplen su función en cuanto a la nivelación y adquisición de competencias y conocimientos por parte de los estudiantes que los cursen.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O perfil de ingreso dos estudantes é variado e correspóndese coas tres titulacións principais, contempladas na Memoria de Verificación do título, de Historia, Historia da Arte e diversas Filoloxías, estendéndose, ademais, a graduados doutras titulacións do campo das Humanidades ou das Ciencias Sociais que desexen completar a súa formación. No curso 2017-2018 procedían 6 alumnos de Historia (60%), de Arte 3 alumnos (30%), do Grao en Linguas e Literaturas Españolas 1 alumna (10%); ademais, unha alumna remataba a matrícula parcial no Grao en Linguas e Literaturas Modernas. Nos cursos anteriores houbo unha maior diversidade de graduados.

- Curso 2016-2017: Historia (7 alumnos), Arte (4 alumnos), Filoloxía Galega (1 alumno), Grao en Linguas e Literaturas Modernas (1 alumno). Unha alumna italiana, que xa cursara materias ao abeiro do programa Erasmus e que quixo rematar o título, validou as materias cursadas mediante resolución reitoral de equivalencia (actualmente esta estudante é alumna do Programa de Doutoramento en *Estudos Medievais*).
- Curso 2015-2016: : Historia (6 alumnos), Arte (3 alumnos), Conservación e Restauración de Bens Culturais o os seus homologados no Rd 490/94, Filoloxía Hispánica (2 alumnos), Filoloxía Románica (2 alumnos), Filoloxía Portuguesa (1 alumno).
- Curso 2014-2015: Filoloxía Hispánica (3 alumnos), Filoloxía Portuguesa (2 alumnos), Lingua e Literatura galegas (1 alumno), Filoloxía Románica (1 alumno), Historia da Arte (12 alumnos), Historia (10 alumnos), Filosofía (1 alumno).

Así pois, os graduados matriculados continúan a ser de diferente e complementaria formación neste período, un trazo que enriquece notablemente o título, como se indicou no apartado 1.1. Existe, polo tanto, unha adecuación e coherencia entre o perfil de ingreso especificado na Memoria de Verificación e o perfil real dos estudantes matriculados, sendo o nivel de capacitación que outorga o título para a actividade investigadora alto e competitivo. Os estudantes completan a súa formación de orixe con coñecementos doutras áreas que cobren certos baleiros de formación académica e que serven, ademais, de gran axuda para afrontar labores de investigación nun futuro.

A fin de axudar a completar esa formación, foron desenvoltas actividades de formación de interese, no marco do SEFORIN (Seminario de Formación e Innovación para estudantes de Mestrados da Facultade de Filoloxía). Neste sentido no curso 2016-2017 tivo lugar un “Obradoiro de Paleografía medieval”, demandado polos alumnos fundamentalmente procedentes das áreas de Historia e Arte que percibiron que carecían de dominio de destrezas nesta disciplina, moi necesaria para abordar o achegamento aos textos medievais (data de impartición 1/12/2016) ([programa I Xornadas Internacionais SEFORIN](#)). No curso 2017-2018, despois de consultar de novo aos alumnos, ofertouse un novo seminario, titulado “Ferramentas electrónicas para citas bibliográficas e documentais na Idade Media” (1/12/2017) (véxase [cartel anunciador](#)).

### 1.5.- La aplicación de las diferentes normativas contribuye a la eficiencia en los resultados del título.

Aspectos a valorar:

- La aplicación de las distintas normativas (normativa de permanencia, los sistemas de transferencia y reconocimiento de créditos, así como otras relacionadas con la evaluación, trabajos fin de grado/máster, prácticas externas, ...) se desarrollan según lo establecido en ellas, teniendo en cuenta las competencias previamente adquiridas por el estudiante y las competencias a adquirir en el título. Impacto de las mismas en los resultados.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

As diversas normativas foron aplicadas de forma axeitada durante o curso 2017-2018 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

Ademais das normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento do título e no informe de renovación da acreditación (2014-2015), durante o curso 2017-2018 tomouse o seguinte acordo do Consello de Goberno:

- Acordo do Consello de Goberno do 24-05-2018, polo que se aproba a Modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizado en Réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16767>

Hai que sinalar que non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento dos mestrados.

## DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN Y TRANSPARENCIA:

**Estándar:** La institución dispone de mecanismos para comunicar de manera adecuada a todos los grupos de interés las características del programa y de los procesos que garantizan su calidad.

Analizar y valorar si la información relevante sobre el título es pública y está disponible, en tiempo y forma, para todos los agentes implicados en el mismo (estudiantes, empleadores, administraciones educativas y otros grupos de interés).

**2.1.- La institución publica, para todos los grupos de interés, información objetiva, suficiente y actualizada sobre las características del título y sobre los procesos que garantizan su calidad.**

Aspectos a valorar:

- Se publica información suficiente y relevante sobre las características del programa formativo, su desarrollo y los resultados alcanzados.
- La información sobre el título es objetiva, está actualizada y es coherente con el contenido de la memoria verificada del título y sus posteriores modificaciones.
- Se garantiza un fácil acceso a la información relevante del título a todos los grupos de interés.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A información sobre o título é explícita e exhaustiva desde diferentes webs que a difunden en acceso aberto. Por unha parte, como se sinalou no criterio 1.1., a [web propia](#) recolle información actualizada de todos os contidos do máster con seccións que abranguen competencias, criterios de selección, o proceso de matrícula (número de prazas, prazos, prezos), materias ofertadas (con enlaces ás guías docentes), prácticas externas, TFM (documentación e pequena guía de presentación), horario das materias, a composición da comisión do título e unha extensísima documentación relacionada co proceso de implantación e desenvolvemento do máster (a Memoria de Verificación do título, resolucións, informes de seguimento, regulamento de réxime interno, etc.). Os contidos están redactados en galego e castelán. Ademais, as páxinas webs das Facultades de Filoloxía ([web](#)) e Xeografía e Historia ([web](#)) incorporan información actualizada e permanente dos aspectos máis relevantes dos estudos. No curso 2017-2018 non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de publicación de información na web. Pola súa parte, a USC mantén na súa web institucional información dos mestrados, particularmente sobre os prazos e documentación no proceso de admisión e matrícula e unha breve información sobre o título (<http://www.usc.es/masteres/>). Cabe subliñar que, no curso 2017-2018, a coordinación do título modificou e actualizou o texto de referencia e as imaxes aproveitando a oportunidade ofrecida polos servizos técnicos da USC.

Como xa se indicou, ao inicio do curso académico sempre se organiza unha sesión de benvinda do máster, na que participan o coordinador do máster e os coordinadores de todas as materias, obrigatorias e optativas. Neste acto infórmase pormenorizadamente sobre os aspectos principais do curso e das características básicas de cada materia, incluíndo o TFM, e acláranse, ademais, as dúbidas dos alumnos. Os docentes realizan un importante esforzo por asistir e presentar a materia da que son responsables, incluso achegando material adicional para unha percepción completa do seu desenvolvemento.

Esa información é completada con outra sesión de benvinda organizada pola Facultade de Filoloxía para todos os mestrados que se imparten no centro. O equipo decanal, a responsable da Unidade de Apoio a Centros e Departamentos e a directora do servizo de biblioteca orientan e detallan os aspectos máis relevantes sobre o funcionamento dos estudos. Unha iniciativa que é de gran axuda tamén para resolver e aclarar cuestións administrativas (sobre todo, para os alumnos de fóra do sistema universitario galego).

Por outra parte, a fin de orientar a alumnos que finalizan os estudos de grao cara á oferta de mestrados, desde a Facultade de Xeografía e Historia e desde a Facultade de Filoloxía convócanse sesións informativas dirixidas a estudantes de 4º curso de diferentes graos e coa participación dos coordinadores dos títulos. O PAT (Plan de Acción Titorial) da Facultade de Filoloxía ([http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra\\_informacion/plan\\_accion\\_titorial/index.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/plan_accion_titorial/index.html)) recolle o labor realizado desde o centro de orientación aos estudantes coa enumeración das actividades que se levan a cabo.

Cómpre sinalar que a visibilidade do mestrado é patente incluso nos espazos dos mesmos centros onde se imparte. Na Facultade de Filoloxía foron colocados banners publicitarios de gran tamaño coa oferta dos mestrados no vestíbulo do centro (AM-1.3 do curso 2015-2016); ademais este centro financiou un segundo banner para o seu emprazamento na entrada da Facultade de Xeografía e Historia (AM-2 do curso 2015-2016).

## DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD:

**Estándar: La institución dispone de un sistema interno de garantía de la calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, la mejora continua de la titulación.**

Analizar la implantación del Sistema de Garantía de Calidad (SGC) y valorar su contribución a la mejora continua del título.

**3.1.- El SGC posee los mecanismos necesarios para recoger la información precisa, analizarla, detectar debilidades y proponer acciones de mejora, realizando un seguimiento de las mismas.**

Aspectos a valorar:

- Los procedimientos que permiten recoger la información de forma continua, analizar los resultados y utilizarlos para la toma de decisiones y la mejora de la calidad del título, se han desarrollado de acuerdo a lo establecido.
- En el caso de los títulos interuniversitarios o de los títulos que se imparten en varios centros de la Universidad, las acciones llevadas a cabo como consecuencia de la implantación del SGC están coordinadas en todos los centros participantes en el programa formativo.
- Los procedimientos de evaluación y mejora de la calidad de la enseñanza y el profesorado se han desarrollado de acuerdo a lo establecido.
- El procedimiento de sugerencias y reclamaciones se ha desarrollado de acuerdo a lo establecido.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Tanto a Facultade de Filoxía como a Facultade de Xeografía e Historia dispoñen dun Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no que se recollen os procedementos necesarios para unha mellora continua dos títulos. No caso do primeiro centro foi aprobado na segunda convocatoria da ACSUG (26/04/2010) e no segundo aprobouse en terceira convocatoria un ano máis tarde (10/05/2011).

Dado que o mestrado depende administrativamente da Facultade de Filoxía, referirémonos na información a este centro. O Manual Simplificado do SGIC recolle a estrutura establecida para alcanzar o desenvolvemento e o cumprimento dos obxectivos de calidade. Trátase dun centro moi complexo, no que se imparten seis mestrados, á parte de cinco títulos de grao (un dos graos con cinco mencións diferentes). Por tal motivo este manual é de gran axuda para a xestión eficaz de todos os títulos. O máster conta cunha Comisión e está representado na Comisión de Títulos de Máster, así como na Comisión de Calidade, na que están tamén integrados representantes dos Graos. A composición de todas as comisións está accesible no enlace da Facultade de Filoxía: <http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>

Durante o curso 2017-2018, todos os mecanismos para a recollida de información, análise, detección de debilidades, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

A Comisión do título está constituída por trece membros na actualidade, despois dunha ampliación no ano 2017-2018 para adaptala ao Regulamento das Titulacións oficiais de grao e mestrado na USC, aprobado o 28/07/2017. Forma parte da mesma os seguintes membros: os dous Decanos das Facultades implicadas nos estudos (presidida pola Decana de Facultade de Filoxía), a vicedecana Responsable de Calidade da Facultade de Filoxía (RCC), a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Filoxía, dous representantes do alumnado (elixidos cada ano procurando que un sexa dunha titulación en Filoxía e o outro de Historia ou Historia da Arte), seis docentes (distribuídos equilibradamente entre ás áreas de coñecemento participantes e con representación máis ampla das áreas con maior carga docente, de acordo co regulamento vixente), e a coordinadora (<http://www.usc.es/filrom/teaching/master/comision-academica-do-master/>).

A través do servizo da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, creado no ano 2007, a información dos títulos é recollida e facilitada anualmente en informes de resultados reunidos no SGIC para o seu tratamento nas diferentes comisións implicadas no desenvolvemento e mellora das titulacións do centro. Estes indicadores e informes inclúen os resultados do título, o grado de satisfacción dos diferentes grupos de interese, os procedementos e resultados da avaliación da calidade da docencia e dos profesores, entre outros datos.

Ademais, desde o ano 2013 a USC puxo en marcha a implantación nos centros dunha aplicación informática, denominada AASX, a fin de xestionar de forma máis eficaz os sistemas de calidade. Ao mesmo tempo levouse a cabo unha revisión do sistema marco dos SGIC despois da experiencia de anos anteriores, cos seguintes obxectivos:

- a. Revisar os procesos, actualizalos e simplificalos.
- b. Facer máis explícita a relación entre o seguimento dos títulos e o sistema de calidade dos centros.
- c. Facer máis explícita a relación de evidencias requiridas especificamente polo SGIC, diferenciándoas das derivadas dos procesos de xestión incluídos no Sistema.
- d. Reducir o número de indicadores.
- e. Integrar nun documento simplificado o contido do manual do SGIC do centro, de forma que sexa doado manexalo, utilízalo e actualízalo.

As dúas Facultades implicadas no título elaboraron e puxeron en marcha tamén no curso 2013-2014 os respectivos Manuais do SGIC, que permiten unha xestión máis áxil de todos os procesos de control da calidade, con aprobación

posterior dun manual simplificado por parte da Facultade de Filoloxía (4/02/2015) e da Facultade de Xeografía e Historia (23/03/2015). Ademais, tamén se pon en marcha un manual de procesos e procedementos na Facultade de Filoloxía (aprobado 29/07/2015, con corrección de erros o 1/02/2016). Toda esta documentación pode ser consultada nos enlaces: <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html> <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/sqic.html>.

Na Facultade de Filoloxía todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións (incluída a caixa de suxestións, queixas e felicitacións que se puxo en marcha en febreiro de 2018) desenvóléronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

Desde todas as instancias (centro, coordinación) trátase de incentivar a participación de estudantes e profesorado nos cuestionarios de satisfacción a través de diversas canles: colocación de avisos en lugares visibles, anuncios en pantalla informativa na entrada do centro, mensaxes enviadas a través do correo electrónico aos alumnos e profesores, recordatorios. Os profesores recordaron nas clases o interese de participar neste proceso e, incluso, a coordinadora mantivo unha xuntanza cos alumnos, na que explicou con detalle a importancia dos resultados para a mellora do título (neste punto séguese a AM-6.1, AM-6.2, curso 2017-2018). Estas accións tiveron como resultado que a tendencia descendente de participación que se percibía no título se remontase e o índice de participación por parte dos alumnos no curso 2016-2017 fose alto. Consideramos que no curso 2017-2018 debería ter sido máis positivo de non producirse un incidente nos cuestionarios do segundo cuadrimestre, que provoca que a porcentaxe estea en certa medida distorsionada (IN48M-PM-02). A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC non trasladou aos alumnos as enquisas no segundo cuadrimestre (cando a coordinación se deu conta do problema, xa transcorrera o período permitido para a realización das enquisas a través da Secretaría Virtual dos alumnos, e non se puido corrixir):

Curso académico	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Porcentaxe de participación	80,65%	45,00%	76,92%	53,58%

Para evitar que esta situación se poida repetir, proponse unha tarefa unha AM que teña como finalidade o seguimento do proceso de enquisas aos alumnos (AM-4 curso 2018-2019, tarefa 4.1).

A participación dos profesores nas enquisas tamén é bastante positiva e mostra unha tendencia ascendente:

Curso académico	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Porcentaxe de participación	42.86%	42.42%	46.88%	51.72%

Analizando os resultados das enquisas de satisfacción, como sinalamos no apartado 1.1., destaca a valoración da calidade da docencia por parte dos alumnos neste máster, sempre por riba de catro puntos. Isto pon de relevo que o título non só cumpre as expectativas docentes deseñadas, senón que se afianza ao longo dos cursos académicos. A tendencia estes últimos anos é ascendente (IN46M-S01-PM-01).

Curso académico	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Valoración sobre 5	3,93	4,05	4,38	4,34

Igualmente, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida é moi positiva. No curso 2017-2018 presenta un índice máis elevado ca no curso anterior (IN47SM-S01-PM-01)

Curso académico	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Valoración sobre 5	4,34	4,10	3,99	4,22

Á parte das enquisas oficiais, o máster elaborou un primeiro cuestionario para coñecer como foi o achegamento do estudante ao título e poder así establecer estratexias cara a un futuro. Máis tarde, ao final do primeiro cuadrimestre, entregóuselles aos alumnos un segundo cuestionario en papel moi global co fin de percibir as fortalezas e debilidades do título, cando as materias obrigatorias estaban a punto de rematar e, polo tanto, os alumnos tiñan un bo coñecemento do máster. Por último, esa segunda enquisa foi tamén enviada por correo electrónico aos egresados, despois das dúas convocatorias de defensa do TFM, para inquirir a súa opinión.

### 3.2.- La implantación del SGC facilita el seguimiento de los títulos, la renovación de la acreditación y garantiza la mejora continua permitiendo la introducción de modificaciones en el título.

Aspectos a valorar:

- Las acciones de análisis y revisión llevadas a cabo desde el SGC permiten introducir modificaciones para la mejora

en el título.

- El seguimiento de las mejoras del título confirma que estas han sido eficaces y que se han conseguido los objetivos planteados.
- Los planes de mejora recogen las recomendaciones de los diferentes informes derivados del proceso de verificación, modificación, seguimiento y renovación de la acreditación.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

No curso 2017-2018 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. Todos os informes do mestrado foron aprobados na Xunta de Facultade de 21/03/2018.

A Memoria de Calidade do curso 2016-2017, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria celebrada o 26/07/2018. O mesmo día 26/07/2018 a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía ratificou esta aprobación.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2017-2018 e anteriores, son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

Polo tanto, as recomendacións sinaladas no informe final de avaliación para a renovación da acreditación (ID MEC: 4311760, nº expediente 1485/2009, p. 3), referidas ao Criterio 3 foron contempladas e atendidas (véxase tamén a este respecto o apartado seguinte).

**3.3.- El SGC implantado se revisa periódicamente para analizar su adecuación y, si procede, se establecen las mejoras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- El análisis y revisión del SGC, en el que participan todos los grupos de interés, deriva en planes de mejora (responsables, calendario de ejecución, etc.).
- Todos los grupos de interés han sido implicados en el proceso de elaboración, implantación y seguimiento de las mejoras del SGC.
- Las evidencias del SGC manifiestan la existencia de una cultura de calidad consolidada en el centro que Contribuye a la mejora continua.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Con data de 22/02/2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Sistema de Garantía de Calidade marco, co fin de simplificar e mellorar a súa operatividade. Este redeseño do SGC marco consistiu en:

1. Eliminar aqueles procesos en que os centros non teñen competencias, creando un nivel institucional.
2. Adaptalo ás incorporacións doutros centros, como as Escolas de Doutoramento Internacional ou o CIEDUS.
3. Eliminar aqueles procesos que se consideran suficientemente descritos na normativa correspondente.
4. Dotar o sistema dunha maior flexibilidade, adaptándose ás necesidades específicas de cada centro.

O novo SGC dispón dun breve manual da USC, pero tamén contempla un manual do sistema para os centros, onde se especifica o alcance, a estrutura e os detalles do seu funcionamento. En canto ao Manual de Procesos e Procedementos, créanse 8 procesos a nivel institucional e déixanse só 13 a nivel de centro, fronte ao antigo manual, exclusivamente de centro, que contaba con 22 procesos e 26 procedementos.

Estableceuse o prazo dun ano desde a data de aprobación para que os centros axustasen o seu sistema á nova documentación. Co fin de organizar as tarefas de adaptación, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos anunciou un calendario de reunións coas Comisións de Calidade dos centros. Porén, como consecuencia da celebración de eleccións a reitor/a e os subseguintes cambios no equipo de goberno e na propia ACMP, estas reunións non chegaron a producirse, de xeito que aínda se atopa pendente todo o proceso de adaptación ao novo SGC marco da USC.

Por último, polo que se refire particularmente á Facultade de Filoloxía, cómpre mencionar que se está a elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, pero foi preciso adiar a data de remate que se establecerá inicialmente, de xeito que se prevé que as tarefas rematen antes da finalización do curso 2018-2019.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: El personal académico y de apoyo es suficiente y adecuado de acuerdo con las características del título y el número de estudiantes.**

Analizar y valorar la adecuación del personal académico y de apoyo que participa en el título objeto de evaluación.

**4.1.- Personal académico. El título cuenta con profesorado suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzarlos estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- El profesorado que participa en el título cuenta con el nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exigido para la impartición del mismo y es acorde con las previsiones que se incluyeron en la memoria verificada. Se revisará especialmente el perfil del personal académico asignado a primer curso de títulos de Grado, a prácticas externas y asociado a Trabajo Fin de Grado o Trabajo Fin de Máster.
- El profesorado es suficiente para desarrollar las funciones y atender a todos los estudiantes.
- La institución ofrece oportunidades al profesorado para actualizarse y continuar con su formación con el objetivo de mejorar la actividad docente.
- Participación del profesorado en programas de movilidad.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la contratación y mejora de la cualificación docente e investigadora del profesorado.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O máster conta cun cadro de PDI cun nivel óptimo e consolidado de experiencia docente e investigadora, acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. A elevada competencia académica e investigadora queda demostrada polo indicador de sexenios (89,29% no curso 2017-2018 (e nos anteriores cursos tamén era moi positiva 2014-2015 — 81,82 %—, 2015-2016 —93,55%—, 2016-2017 —89,66%—) (IN24M-PS-01). Cómpre destacar como significativo que se trata dunha porcentaxe superior respecto á media da USC (82,45%), así como a tendencia ascendente na consecución deste nivel.

No título participan 31 docentes de 9 áreas de coñecemento distintas (Filoloxía Italiana, Filoloxía Latina, Filoloxía Catalá, Filoloxía Románica, Filoloxías Galega e Portuguesa, Filoloxía Alemá, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Historia Medieval e Historia da Arte) que comparten intereses académicos e científicos comúns. Produciuse unha progresiva redución do número de docentes con respecto a cursos anteriores, debido a xubilacións e a situacións adversas como o falecemento dunha profesora no curso 2016-2017. Tal diminución de profesores non repercutiu na calidade da docencia, posto que a solidariedade entre as áreas e a versatilidade para impartir diversas materias de especialización paliaron estas circunstancias desfavorables. A relación de docentes por áreas seguindo unha orde de maior a menor: Historia da Arte (8 profesores), Filoloxía Románica (5), Historia Medieval (4), Filoloxía Latina (4), Ciencias e Técnicas Historiográficas (2), Filoloxías Galega e Portuguesa (2), Filoloxía Catalá (1), Filoloxía Alemá (1) e Filoloxía italiana (1). A experiencia docente dos profesores tamén é alta (con 124 quinquenios concedidos). O perfil académico dos profesores que orientaron os TFM no curso 2017-2018 foi variado e sempre acorde coa temática diversa abordada: 1 profesor emérito, 4 profesores contratados doutores, e 4 profesores titulares. En relación con estas orientacións, cabe destacar a variedade de perfís investigadores dos profesores, que garante aos alumnos unha atención especializada en función dos seus intereses de pescuda.

As materias son impartidas por varios profesores e están adscritas a diferentes áreas, dependendo do seu contido. Sempre se trata de adecuar o perfil dos docentes a cada materia, procurando que as tres disciplinas base (historia, arte e filoloxía) estean representadas nas materias optativas, así como na obrigatoria de *Fundamentos metodolóxicos da Idade Media*.

A E 15 (4311760\_E15\_2017-2018) mostra as porcentaxes por categoría do profesorado. No curso 2017-2018 7 membros do PDI pertencen ao corpo de Catedráticos (22,58%), 15 son Titulares de Universidade (48,39%) —varios deles acreditados a Catedráticos—, 6 Contratados Doutores (22,58%), 1 Axudante Doutor (3,23%), 1 con contrato posdoutoral da Xunta (3,23%), e 1 Emérito. Debido ao descenso de docentes mencionado anteriormente, o PDI funcionario decreceu en porcentaxe respecto aos anteriores cursos (actualmente é do 73,33%) continuando a tendencia detectada desde o seu inicio, aínda que no curso 2015-16 houbo unha lixeiro incremento (78,79%), e segue estando por riba da media da USC (69,06%). A porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total é do 100% no curso 2017-2018 e nos cursos precedentes (IN25M-PS-01), superior tamén á media da USC (87,49%).

Así pois, os datos corroboran a excelencia do profesorado que imparte clase no máster, avalado tamén polo alto número de proxectos de investigación alcanzados en convocatorias competitivas, tanto do Plan Nacional como incluso nalgúns casos en ámbito internacional, así como nas convocatorias de consolidación da Xunta de Galicia, entre as que cabe resaltar a axuda alcanzada pola *Rede de Estudos medievais interdisciplinares*, da que forman parte case todos os docentes do Máster, que destina unha parte dos seus recursos á organización de actividades formativas para o máster (e tamén para o programa de doutoramento que lle dá continuidade).

A relación de profesores pode ser consultada nas guías docentes das materias na propia páxina web do máster <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/profesores/?lang=es>, así como na Facultade de Filoloxía <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/profesorado/index.html>, e na Facultade Xeografía e Historia (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html>).

O máster conta con profesorado suficiente. A ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30M-PS-01) indica unha atención personalizada. No curso 2014-2015 foi de 1,03 e no curso 2015-2016 descendeu a 0,70. A Área de Calidade e Mellora de Procedementos eliminou este indicador a partir do curso 2016-2017.

A USC, a través do programa específico de formación e innovación docente (PFID), oferta cursos de formación ao longo de todo o ano académico sobre aspectos diferentes na actualización e formación de ferramentas para a actividade docente, avaliación e orientación, coas TIC aplicadas á docencia, etc. nos dous cuatrimestres do curso académico (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/>). Pola súa parte, os centros poden propoñer actividades de formación financiadas por eles mesmos. A Facultade de Filoloxía participou cos seus recursos económicos durante estes últimos anos co Plan de Formación a Demanda sobre cuestións relacionadas sobre a optimización de ferramentas a disposición da docencia nas aulas, manexo no laboratorio de idiomas, utilización das aulas virtuais, formación por competencias na docencia, etc. Cabe destacar que no curso 2017-2018 foi ofertado o curso: “Como realizar unha avaliación orientada para a aprendizaxe” PFID (18 h.).

- Curso 2016-2017: “Los objetivos del desarrollo sostenible (ODS) (PFID.16spi-04) (decembro de 2016).
- Curso 2015-2016: “La didáctica de filoloxías a través de las TIC: el vídeo” (PFID 14faa-03)(maio de 2015).

A participación dos docentes en cursos de formación é aceptable. Durante o curso 2017-2018 seguiron cursos un 12,90% do profesorado que imparte clase no máster, unha media algo máis alta cá referida no curso anterior (2016-2017), de 9,38 %. Cómpre indicar que nos cursos 2015-2016 e 2014-2015 a porcentaxe, en ambos casos, alcanzou un índice máis elevado, 20,59%) (5040\_l6-l7\_2017-2018). Esta situación de flutuación podería ser explicada porque ás veces o incremento da formación profesional foi realizada en anos anteriores. En canto á valoración media destas actividades formativas, é elevada, concretamente foi avaliada cunha puntuación de 4,30 sobre 5 puntos, recomendándose a outros compañeiros a súa realización (porcentaxe do 98,8%).

Unha das fortalezas do máster é a organización por parte dos docentes dun gran número de actividades de diferente tipo nunha clara vontade de complementar as clases e de achegar aos estudantes o patrimonio cultural da Idade Media. En coordinación co Programa de Doutoramento en Estudos Medievais, organizáronse un gran número de actividades académicas dirixidas a alumnos de máster e doutoramento, en diversos formatos de congresos, seminarios, conferencias, cursos, etc. impartidas por profesores procedentes de diferentes países europeos, americanos e de universidades españolas que contribuíron a potenciar a formación dos estudantes (véxanse Anexos 2 e 3 en E 31). As Facultades de Xeografía e Historia e de Filoloxía ofertaron, ademais, seminarios, cursos e xornadas, habitualmente presentados como actividades formativas, que foron seguidos polos alumnos do máster. Como xa indicamos no apartado 1.4., no marco do SEFORIN, na Facultade de Filoloxía realizáronse seminarios dirixidos aos alumnos sobre temas propostos por eles mesmos. Ademais, como actividades complementarias, realízanse viaxes de estudos a diferentes lugares de interese do patrimonio medieval galego, portugués e incluso do Noroeste peninsular, guiadas por profesores do máster (sobre todo, das áreas de arte e historia, coa participación, cando é pertinente, de filólogos), que teñen unha excelente acollida e son moi ben valoradas por parte dos estudantes do título. Cabe destacar a gran implicación por parte dos docentes na organización destas viaxes (xestión e preparación de contidos), tanto pola organización das mesmas como pola elevada asistencia por parte dos profesores do título nestas visitas.

Todas estas accións (organización de actividades, viaxes, etc.) teñen un impacto positivo no máster e así vese reflectido nos elevados índices de satisfacción dos alumnos nas manifestacións vertidas nos cuestionarios propios (tanto polos egresados como alumnos que están cursando o máster) (véxase a relación de actividades e viaxes de estudos no Anexo 4 en E 31).

Polo que se refire aos programas de mobilidade, os profesores do máster non participaron no curso 2017-18 nestas iniciativas; no curso 2016-2017 a porcentaxe foi do 3,13% sobre un total de 32 PDI, un índice algo máis elevado có dos cursos 2014-2015 e 2015-2016, que foi en ambos casos do 2,94%. Cómpre sinalar, a propósito destes datos, que a dificultade para a mobilidade está en relación co aumento das horas de docencia por profesor, dado o número de xubilacións sen reposición de profesorado (e a falta dunha profesora moi activa por defunción), ademais da atención ás viaxes de estudos, con participación dun número importante do profesorado, que implica tamén a ocupación dun tempo considerable na súa preparación e execución. Por outra parte, os docentes participaron en múltiples accións de



mobilidade non contempladas nos anteriores datos, como acontece coa asistencia a congresos, a reunións de organismos de avaliación, a tribunais de teses de doutoramento, etc.

Os índices de satisfacción coa docencia recibida son comentados no Criterio 7, apartado 7.2.

#### Aspectos a valorar:

- El personal de apoyo es suficiente para desarrollar las funciones y atender a todo el personal docente y estudiantes.
- El personal de apoyo que participa en el título cuenta con el nivel de cualificación exigido y es acorde con las previsiones que se incluyeron en la memoria verificada.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la contratación y mejora del personal de apoyo.
- La institución ofrece oportunidades al personal de apoyo para actualizarse y continuar con su formación con el objetivo de mejorar su labor de apoyo al proceso de enseñanza-aprendizaje.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Ao igual que acontece no apartado anterior, valórase positivamente o persoal de apoio co que conta o título desde o seu inicio, detallado na Memoria de Verificación. Todo o persoal de administración e servizos (en Decanatos, Departamentos, Conserxerías e Bibliotecas) dos dous centros nos que se imparte o Máster colabora directamente co desenvolvemento do título. A Facultade de Filoloxía, da que depende administrativamente o máster, conta con recursos e medios excelentes para ofrecer aos estudantes servizos de calidade. Neste sentido cabe destacar o apoio prestado pola Responsable de Calidade da Facultade de Filoloxía, e tamén desde a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. Sabemos que o proceso de elaboración de cuestionarios é complexa, e que se está tratando de modificar e adaptar para que os resultados sexan cada vez máis fiables e representativos, aínda que, no caso deste máster no curso 2017-2018, houbo algún problema coa recepción de certas enquisas. Referímonos concretamente ás enquisas das materias de segundo cuatrimestre e, posiblemente, ás que deberían cubrir os títos profesionais do máster (AM-4, tarefas 4.1. e 4.2.).

No proceso de xestión de prazas de oferta docente, cóntase con axuda e profesionalidade do persoal do Servizo de Xestión da Oferta Académica (SXOPRA), informando en todo momento sobre os prazos de admisión de matrícula, opcións no proceso de prescrición, etc. e aos que se debe consultar en bastantes ocasións, por exemplo, na oferta de prazas de novo ingreso para o curso próximo, matrículas a tempo parcial, etc. Ademais, tamén precisamos do asesoramento e servizo do SXOPRA no proceso de sinatura de convenios de colaboración con empresas. O carácter interfacultativo do máster implica que convenios con certas entidades sufran procesos de revisións, posto que existían ás veces convenios previos cos centros que non podían ser estendidos ao máster.

Ademais, a xestión do máster precisa do servizo da Unidade de Xestión Académica (UXA), que atende ao proceso de matrícula, xestión de expedientes, cambios de matrícula, emisión de certificados e títulos, etc. (<http://www.usc.es/es/servizos/uxa/>)

A nivel de centro, é importante sinalar o apoio recibido por parte do equipo decanal da Facultade de Filoloxía, coordinando, asesorando e incluso poñendo a disposición do máster un orzamento para a organización de actividades e para o pago de material en reprografía (folletos, carteis, fotocopias, etc). A decana, a Vicedecana Responsable da área de Calidade do centro e a Vicedecana responsable das Prácticas Externas están moi implicadas na marcha e funcionamento do título. Cabe destacar, así mesmo, a intervención directa que ten a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos. Entre as súas funcións están a xestión académica do título, que leva implícitas múltiples trámites burocráticos e a orientación aos alumnos. A súa boa disposición con todos os axentes (coordinación do título, docentes e alumnos) merece ser destacada. Véxase o persoal de servizos administrativos en: <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/pas/index.html>

Habería que engadir a este persoal, os administrativos dos diferentes departamentos involucrados no título, que tamén prestan apoio na xestión do título e na atención ao alumnado.

A E16 (5040\_E16\_2017-2018) mostra que o corpo de persoal de apoio na Facultade de Filoloxía está conformado por 25 persoas, das cales 5 son administrativos nos diferentes departamentos, 11 forman parte do persoal que atende a Biblioteca, 4 desenvolven o seu labor en conserxería, 1 é secretario do decanato, 3 están asignados á unidade de xestión do centro e 1 persoa máis exerce de responsable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, xa mencionada.

O PAS participa en programas e plans de formación específicos (5040\_I6-I7\_2017-2018). A porcentaxe de participación no curso 2017-2018 foi do 44%, no curso 2016-2017 do 33,3%, e nos cursos 2015-2016 e 2014-2015 do 50%.

Como xa se manifestou en anteriores informes de seguimento, seguimos demandando un técnico informático especializado que se encargue das tarefas relacionadas coa web fundamentalmente, á parte doutras tarefas técnicas relacionadas coa docencia. Durante os cursos pasados para o mantemento da web buscamos financiamento para contratar a algún especialista (no curso 2015-2016 aproveitouse unha axuda orzamentaria que a Facultade de Filoloxía puxo a disposición do título). Desde o curso 2016-2017 contamos cunha persoa de apoio contratada por un grupo de investigación (GI-1350), que recibiu axuda de consolidación por parte de Xunta de Galicia. Agora ben, esta solución é puntual para o período actual, polo que se requiriría persoal de apoio específico para o título.

Polo que respecta ás enquisas de satisfacción do persoal de administración e servizos, hai que notar que no curso 2017-2018, a participación foi do 46.2% descendendo con relación aos dous cursos anteriores, a pesar dos esforzos por parte do Decanato en fomentar a participación:

Curso académico	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Porcentaxe de participación	42.9%	64.3%	57.7%	46.2%

En todos os aspectos avaliados (posto de traballo, dirección da unidade, comunicación, espazos e recursos, formación, implicación na mellora e satisfacción) foron superados amplamente os 3 puntos sobre 5, o que indica un grao de satisfacción moi aceptable. Destacamos que na valoración de “posto de traballo” a media do centro é de 4 sobre 5 ou superior en case todos os apartados, e en “dirección da Unidade” tamén se sitúa nos mesmos parámetros. Nestes dous casos a media sempre é máis alta que a media global da USC. Nos apartados de “comunicación”, “espazos e recursos”, “formación”, “implicación na mellora” e “satisfacción” descende algo a puntuación. É de subliñar que, de forma global, sobresaen a boa aceptación do posto de traballo e da dirección da unidade, dúas das seccións máis relevantes para o bo funcionamento dos títulos que se ofertan na Facultade.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS:

**Estándar: Los recursos materiales y servicios puestos a disposición del desarrollo del título son los adecuados en función de la naturaleza, modalidad del título, número de estudiantes matriculados y competencias a adquirir por los mismos.**

Analizar y valorar si los recursos materiales y servicios puestos a disposición de los estudiantes son los adecuados a las necesidades del título.

**5.1.- Los recursos materiales, infraestructuras y servicios puestos a disposición de los estudiantes y el profesorado son suficientes y adecuados a las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzar los estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- Las infraestructuras destinadas al proceso formativo son las adecuadas en función de la naturaleza y modalidad del título. Se prestará especial atención a la disponibilidad de aulas, salas de estudios, aulas de informática y recursos informáticos, laboratorios, salas de reuniones, biblioteca, ...
- Los recursos materiales, puestos a disposición de los estudiantes, son los adecuados en función de la naturaleza y modalidad del título y las competencias a adquirir por los mismos y éstos coinciden con las previsiones que se incluyeron en la memoria de verificación. Se prestará especial atención a la disponibilidad de equipamiento y material científico, técnico, asistencias y artístico, (dependiendo de la tipología de enseñanza), ...
- Aplicación de las normativas de accesibilidad universal y diseño para todos, seguridad, salud y medio ambiente y conocimiento de las mismas por los agentes implicados.
- Los fondos bibliográficos, recursos documentales,... son suficientes y están actualizados.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la creación, puesta en marcha o utilización de nuevas infraestructuras o servicios externos a la Universidad.
- Los servicios de orientación académica (selección de asignaturas, problemas de aprendizaje, necesidades especiales, alojamiento,...) y orientación profesional puestos a disposición de los estudiantes son apropiados para dirigirlos y orientarlos en estos temas.
- Los servicios de atención al estudiante (documentación, informes de calificaciones, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de convalidaciones o de traslado,...) puestos a su disposición son apropiados para dirigirlos y orientarlos en estos temas.
- Los programas de acogida y apoyo al estudiante le orientan en el funcionamiento de la institución.
- Teniendo en cuenta las diferentes modalidades de impartición del título, se analiza y revisa el grado de adecuación, para la consecución de las competencias por parte de los estudiantes, de las infraestructuras tecnológicas y servicios tanto en el centro responsable del título como, en su caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- En el caso de que el título contemple la realización de prácticas externas, las instalaciones donde se realizan son adecuadas para la adquisición de las competencias.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Desde o inicio do máster, púxose de manifesto a valoración moi positiva dos recursos materiais e servizos que dispoñen tanto docentes como estudantes nos dous centros que garanten unha adecuada formación investigadora no ámbito dos estudos medievais. Ademais, durante estes anos os recursos foron incrementados e actualizados, en boa medida, no que se refire a recursos bibliográficos, gracias á aportación económica da Rede de Estudos medievais interdisciplinares, posto que o orzamento institucional resulta claramente insuficiente para manter ao día os fondos da BUSC.

Os espazos implicados na impartición das clases do máster son dous edificios con características diferentes. Por un lado, a Facultade de Filoloxía presenta unha estrutura moderna, acorde coa súa posta en funcionamento (1991), con instalacións axeitadas tanto para aulas como para salas de investigación e dependencias de biblioteca; por outro, a Facultade de Xeografía e Historia é un edificio histórico, situado no centro da cidade, cos problemas que deriva da súa antigüidade, como son as dificultades para a accesibilidade de persoas con necesidades especiais (solucionados coa instalación dun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais), ou as reducidas aulas para acoller os diferentes títulos que se imparten, polo que puxo en marcha un plan director de aproveitamento dos espazos dispoñibles. Os equipos decanais dos dous centros esforzáronse en mellorar as instalacións e na realización de melloras nas mesmas, na medida das súas posibilidades e a pesar da restrición de orzamentos.

Na actualidade segue persistindo un problema de dispoñibilidade de aulas na Facultade de Xeografía e Historia, posto que se imparten cursos do grao na quenda de tarde, polo que resulta difícil reservar un espazo fixo para os dous cuatrimestres. Durante o curso 2017-2018 (e anteriores) houbo que recorrer a solicitar un espazo na Facultade de Filosofía, moi próxima á de Xeografía e Historia, que se utilizou e utiliza durante o primeiro cuatrimestre cando teñen lugar as clases das materias obrigatorias cun maior número de alumnos. Na Facultade de Filoloxía non se detecta ningún problema a este respecto, dado que as clases dos estudos de grao teñen lugar pola mañá.

Todas as aulas dos dous centros están equipadas con ordenador, proxector, conexión a internet e cobertura wifi, e

algunhas contan tamén con encerados electrónicos e pantallas intelixentes. A pesar da falta de orzamento dos últimos anos, os equipos decanais de ambos centros procuran manter estes servizos, repoñer o material que se deteriora ou avaría co uso e renovar os equipos informáticos das aulas. A renovación do equipamento informático é atendida de forma constante, concretamente durante este último curso na Facultade de Filoloxía substituíronse canóns e pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia, adquiríronse discos duros SSD para os ordenadores das aulas e seminarios de docencia e unha pantalla intelixente para a nova aula de docencia B10, ordenadores portátiles para a docencia e para préstamo da biblioteca, etc. Ademais, a dotación de aulas de informática nas dúas facultades é de gran axuda para a docencia. A modo de exemplo, a aula de informática (D02 Facultade de Filoloxía), dotada dun bo equipamento, utilizouse para impartir os seminarios de “Ferramentas electrónicas” que tiveron lugar nos cursos 2016-2017 e 2017-2018.

Outra acción levada a cabo, en relación coas infraestruturas, foi a posibilidade de conectarse por videoconferencia coa creación de aulas específicas (B13 e B03, na Facultade de Filoloxía) por se se precisaba nalgún momento. Actualmente, no curso 2017-2018 as reunións da Comisión do título teñen lugar nesas salas habilitadas con conexión para facilitar a asistencia dun membro desta que ten o seu centro de traballo no campus de Lugo.

As infraestruturas, equipamentos e recursos proporcionados polos centros son detallados nas webs respectivas:

<http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/infraestructuras.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infraestructuras.html>

Un servizo fundamental para un máster coma este, de carácter investigador, é a Biblioteca da USC (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/index.html>). Conta con diferentes salas de traballo, e con numerosos e útiles medios como incunables, edicións facsimilares de manuscritos interesantes para os estudantes das distintas áreas de procedencia e un rico fondo bibliográfico, que se mantivo no tempo e que se ampliou considerablemente, a pesar dos efectos da crise económica. No ano 2018 a biblioteca de Filoloxía recibiu un orzamento de 10.000 € dos fondos do propio centro. Tampouco hai que esquecerse da boa vontade dos integrantes de redes, grupos e proxectos de investigación que dedicaron parte dos seus recursos a subscrición de revistas e á adquisición de fondos bibliográficos durante estes cursos. Están a disposición dos estudantes (e profesores) varios servizos de gran aproveitamento como o préstamo interbibliotecario que se pode utilizar gratuitamente cun límite de 25 documentos, especialmente beneficioso á hora de solicitar traballos publicados a outras universidades españolas, sobre todo, para traballos de investigación de certa importancia que requiren unha bibliografía específica como o TFM. Outro servizo gratuito que se pon a disposición de estudantes e profesores é o acceso a bases de datos e fondos de uso restrinxido. A materia de *Fundamentos metodolóxicos da Idade Media* orienta aos alumnos na boa utilización destes recursos.

Os postos de lectura son suficientes. A Facultade de Xeografía e Historia conta con 428 prazas e A Facultade de Filoloxía con 423. O servizo de préstamo foi moi utilizado, como se pode percibir a través dos datos que nos facilitan desde as direccións das Bibliotecas. No ano 2016, o total de libros prestados na biblioteca da Facultade de Filoloxía foi de 53.998 volumes e na Facultade de Xeografía e Historia é algo máis elevado, un total de 78.382. No ano 2017 as cifras de volumes prestados foi de 50.692 en Filoloxía. As monografías en papel que se ingresaron (xa sexa por adquisición ou por outros medios) na biblioteca da Facultade de Filoloxía supuxeron un total de 2083 volumes, mentres que na Facultade de Xeografía e Historia descenderon a 1682. O total de títulos de publicacións periódicas en papel foi de 2731 na Facultade de Filoloxía (en curso de recepción 418), e na Facultade de Xeografía e Historia ascendeu a 3204 (en recepción 198).

En canto aos datos dos fondos da Biblioteca correspondentes ao ano 2018 (segundo a información proporcionada pola direccións das Bibliotecas das Facultades) son os seguintes:

Total de títulos de monografías en papel:

- Filoloxía 163.476 (no ano 2017 era de 161.349).
- Xeografía e Historia: 109.001 (no ano 2017 era de 107.437).
- 

Total de volumes de monografías en papel:

- Filoloxía 202.355 (no ano 2017 era de 200.259).
- Xeografía e Historia: 135.190 (no ano 2017 era de 133.647).
- 

Volumes de monografías en papel ingresados en 2018:

- Filoloxía: 1.656 (no ano 2017 era de 2083).
- Xeografía e Historia: 1345 (no ano 2017 era de 1682).

Títulos de publicacións periódicas en papel:

- Filoloxía: 2.737 (no ano 2017 era de 2371).
- Xeografía e Historia: 3212 (no ano 2017 era de 3204).

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción:

- Filoloxía: 396 (no ano 2017 era de 418).
- Xeografía e Historia: 200 (no ano 2017 era de 198)

Total de documentos catalogados:

- monografías: Filoloxía: 1.656; Xeografía e Historia: 1345
- publicacións periódicas: Filoloxía: 1; Xeografía e Historia: 0
- analíticas de monografías e de publicacións periódicas: Filoloxía: 592; Xeografía e Historia (non temos datos).

Como ferramenta de apoio á docencia os profesores dispoñen dunha plataforma institucional, baseada en Moodle, denominada Campus Virtual (<http://www.usc.es/gl/servizos/ceta/tecnoloxias/campus-virtual.html>). O seu emprego cada vez é máis estendido, dado que ofrece recursos para colgar todo tipo de materiais didácticos, para a realización de tarefas varias, e para a comunicación electrónica con foros de novas. O soporte é utilizado por profesores e alumnos, e conta con guías de uso.

Como xa se comentou en diversos lugares deste autoinforme, realízase un seguimento dos estudantes e un apoio constante desde diferentes niveis. A Facultade de Filoloxía conta cun Plan de Acción Titorial (PAT), que inclúe actuacións de diverso tipo orientadas a proporcionarlles aos estudantes o máximo asesoramento e atención. O PAT foi aprobado o 07/03/2017 pola Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade.

Entre as accións realizadas ao abeiro do devandito PAT, durante os cursos 2016-2017 e 2017-2018, cabe destacar, en relación co máster, a elaboración dun roll-up que informa do título colocado na entrada do centro, como xa se comentou, así como as diversas xornadas informativas sobre a oferta de estudos de másteres do centro dirixida a estudantes de cuarto curso (24/04/2017). Ademais, ofertáronse diversos obradoiros de orientación profesional: "Xornadas de empregabilidade (6-7/06/2018) (véxase [http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra\\_informacion/plan\\_accion\\_titorial/index.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/plan_accion_titorial/index.html)).

Polo que respecta aos servizos institucionais de orientación e atención aos estudantes, a USC ofrece unha serie de servizos encamiñados a dar resposta ás demandas informativas dos alumnos. Cabería destacar, en primeiro lugar, a Oficina de Información Universitaria (OiU) (<http://www.usc.es/es/servizos/oiu/>), que se encarga de cuestións de organización, funcionamento e actividades, requiridas polos estudantes para coñecer trámites e xestións de diversos procedementos académicos e extensión universitaria. En segundo lugar, os alumnos contan coa Unidade de Xestión Académica (UXA), á que xa nos referimos no apartado 4.2., para os procesos de matrícula e de xestións administrativas, a Área de Orientación Laboral e de Emprego (<http://www.usc.es/es/servizos/saee/aol/>), que informa sobre orientación laboral para a busca de emprego, sobre recursos de interese profesional, actividades formativas, etc. En terceiro lugar, o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) (<http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/index.html>) coordina a oferta de actividades de voluntariado e participación social tratando de favorecer a formación integral do alumnado desde unha visión responsable e comprometida coa sociedade e incluíndo acción de integración de persoas con necesidades especiais. Por último, está a disposición do alumnado un Servizo Universitario de Residencias (SUR), que proporciona aloxamento aos estudantes que así o desexan en diferentes Colexios Maiores e Residencias Universitarias.

Como xa se comentou, a nivel de centro é moi utilizado o servizo da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e de Departamentos, que asesora e informa sobre calquera cuestión relacionada cos procesos administrativos.

En relación aos programas de acollida e apoio aos estudantes, referímonos no apartado 2.1. áss dúas sesións de benvida que se lles ofrecen aos estudantes ao inicio do curso, así como o acto informativo sobre a oferta de estudos do máster para alumnos do 4º curso do Grao.

As empresas, nas que os alumnos realizan Prácticas Externas, contan cos instalacións propias e cos medios necesarios para a atención dos alumnos. No curso 2017-2018 as entidades receptoras foron dúas, o Consello Superior de Investigacións Científicas - Instituto Padre Sarmiento e a Biblioteca Franciscana. Ambas posúen espazos e recursos materiais adecuados para a realización das funcións asignadas nas prácticas. Ademais, dous grupos de investigación acolleron alumnos habilitando para iso un lugar de traballo en seminarios da Facultade de Xeografía e Historia e na Facultade de Filoloxía. O resultado deste primeiro curso de posta en funcionamento foi excelente. As enquisas mostran, neste sentido, unha valoración elevada por parte dos alumnos na realización desas prácticas, como xa comentamos no apartado 1.3.

Así pois, nos diferentes aspectos que se consideran neste apartado, estimamos que os recursos materiais e servizos son adecuados para este título interfacultativo.

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAJE:**

**Estándar: Los resultados de aprendizaje alcanzados por los titulados son coherentes con el perfil de egreso y se corresponden con el nivel del MECES de la titulación.**

Analizar los resultados de aprendizaje alcanzados por los estudiantes y si son coherentes con el perfil de egreso y se corresponden con el nivel del MECES del título.

#### **6.1.- Los estudiantes al finalizar el proceso formativo han adquirido las competencias previstas para el título.**

Aspectos a valorar:

- El desarrollo de las actividades académicas, metodologías docentes, sistemas de evaluación y calificación contribuyen a la consecución y valoración de los resultados de aprendizaje previstos.
- Los resultados de aprendizaje alcanzados satisfacen los objetivos del programa formativo y se adecúan al nivel MECES.
- Los resultados de aprendizaje se tienen en cuenta para la revisión y mejora del plan de estudios.

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Os obxectivos e competencias do Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior (MECES) do título están detalladas na Memoria de Verificación e na web propia (<http://www.usc.es/filrom/teaching/master/objetivos/>). Como se puxo de manifesto no informe de renovación da acreditación do curso 2014-2015, a comisión do título, en colaboración cos coordinadores das materias, está atenta á organización dos contidos e a que o sistema de avaliación sexa o máis homoxéneo posible, así como a que se respecte o carácter transversal intrínseco ao título e as competencias previstas. Para evitar unha sobrecarga de tarefas do alumno, detectada nalgunhas materias, estableceuse a entrega dun único traballo monográfico, cando o sistema de avaliación da materia así o contempla, e marcáronse unhas directrices básicas comúns para a elaboración dese traballo, que se recollen ao final das guías docentes das materias (E4).

Ao longo destes cursos fíxose tamén fincapé na elaboración das guías docentes como ferramenta útil na que o alumno coñeza nitidamente os contidos da materia, as competencias e os obxectivos que presenta cada unha, unha completa bibliografía, así como unha detallada descrición do sistema de avaliación, a metodoloxía e outros aspectos que merezan ser posto de relevo.

É preciso sinalar que no curso 2015-2016 detectouse un problema de “autoplaxio” nunha alumna que presentaba fragmentos reproducidos literalmente en traballos diferentes de materias optativas (véxase a Acta da Comisión do título 28/07/2016). Para previr estes casos, a partir do curso 2016-2017, tomouse a decisión de especificar no sistema de avaliación das guías docentes que:

“ (...) deben evitarse toda forma de plaxio, e mesmo autoplaxio. É dicir, non é lícito aproveitar partes duns traballos noutros, aínda que sexan da autoría do mesmo estudante.

Terase, xa que logo, especial vixilancia con esta práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial), dun parágrafo porase en coñecemento do estudante para que o modifique. No caso de que non teña en conta estas indicacións, o traballo pode ser cualificado como Suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesores da asignatura a consideración dos casos particularmente ambiguos”.

Pódense consultar a este respecto as guías docentes do curso 2018-2019 (E4).

Ademais, como consecuencia do bo desenvolvemento do título e tamén como froito da experiencia adquirida ao longo dos anos, producíronse certos axustes nas guías docentes dalgunha materias por cambios no PDI, ou ben por modificacións introducidas polos mesmos docentes que tentaban mellorar aspectos do contido, da metodoloxía, etc. Todos os cambios respectan a memoria verificada do título.

As **taxas de rendemento, avaliación e éxito** do máster, correspondentes aos cursos 2014-2015, 2015-2016, 2016-2017 e 2017-20018, mostran unha tendencia moi positiva na traxectoria, sobre todo, no período dos dous últimos cursos, nos que se percibe unha evolución claramente satisfactoria (como mostra detallamos os datos por materias en cada indicador):

- Na taxa de **rendemento** (IN34M-S01-PM-01), hai que apuntar que a situación no curso 2017-2018 é moi positiva, revertendo unha situación previa de descenso progresivo: no curso 2014-2015 a porcentaxe descendera ao 87,32% e no curso 2015-2016 foi aínda máis acusada, un 60%. No curso seguinte, 2016-2017 ascendera a 84,75% e no 2017-

2018 o resultado é significativamente favorable, concretamente 93,16 %.

Por materias os resultados son os seguintes:

	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
P5091101 - Fundamentos Metodolóxicos e Novas Tecnoloxías	88,46%	68,75%	100,00%	100,00%
P5091102 - A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social	100,00%	76,92%	100,00%	100,00%
P5091103 - Arte Medieval Europea	88,89%	66,67%	100,00%	100,00%
P5091104 - Cultura Escrita en Latín na Idade Media	100,00%	76,92%	100,00%	100,00%
P5091105 - Literatura Medieval en Linguas Vernáculas	92,86%	60,00%	100,00%	100,00%
P5091201 - A Escritura e o Escrito na Idade Media	100,00%	66,67%	100,00%	100,00%
P5091202 - A Igrexa e a Espiritualidade Medieval	86,96%	57,14%	83,33%	100,00%
P5091203 - Sociedade Medieval e Cultura Cortés	90,00%	40,00%	60,00%	71,43%
P5091204 - O Mundo Clásico na Idade Media	77,78%	50,00%	100,00%	
P5091205 - Mitos e Figuras no Imaxinario Medieval	100,00%	57,14%	75,00%	75,00%
P5091206 - Viaxes e Peregrinacións na Idade Media	71,43%	63,64%	60,00%	66,67%
P5091207 - Feudalismo, Territorio e Poder	100,00%	40,00%	100,00%	100,00%

Nótese que as materias con taxa de rendemento do 100% nos dous últimos cursos son as obrigatorias do primeiro cuadrimestre, correspondendo as porcentaxes máis baixas ás optativas do segundo cuadrimestre (sobre todo, *Sociedade Medieval* e *Cultura Cortés* e *Viaxes e Peregrinacións na Idade Media*). A materia de *Mundo Clásico na Idade Media* tivo un alumno de formación complementaria para acceso ao Programa de Doutoramento, aínda que non computa como matrícula.

-A taxa de **avaliación** (IN36M-S01-PM-01) presenta poucas variacións respecto á taxa de rendemento: no curso 2014-2015 foi do 87,32 %, no curso 2016-2017 do 84,75%, e no curso 2017-2018 do 93,16%. Nestes dous últimos cursos houbo un 100% de porcentaxe nas materias obrigatorias e nalgunhas optativas. Por materias os resultados son os seguintes:

	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
P5091101 - Fundamentos Metodolóxicos e Novas Tecnoloxías	88,46%	68,75%	100,00%	100,00%
P5091102 - A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
P5091103 - Arte Medieval Europea	88,89%	66,67%	100,00%	100,00%
P5091104 - Cultura Escrita en Latín na Idade Media	100,00%	76,92%	100,00%	100,00%
P5091105 - Literatura Medieval en Linguas Vernáculas	92,86%	66,67%	100,00%	100,00%
P5091201 - A Escritura e o Escrito na Idade Media	100,00%	66,67%	100,00%	100,00%
P5091202 - A Igrexa e a Espiritualidade Medieval	86,96%	71,43%	83,33%	100,00%
P5091203 - Sociedade Medieval e Cultura Cortés	90,00%	40,00%	60,00%	71,43%
P5091204 - O Mundo Clásico na Idade Media	77,78%	50,00%	100,00%	
P5091205 - Mitos e Figuras no Imaxinario Medieval	100,00%	64,29%	75,00%	75,00%
P5091206 - Viaxes e Peregrinacións na Idade Media	71,43%	72,73%	60,00%	66,67%
P5091207 - Feudalismo, Territorio e Poder	100,00%	40,00%	100,00%	100,00%

- A taxa de **éxito** (IN35M-S01-PM-01) é moi satisfactoria, sendo do 100% nos dous últimos cursos, posto que en todas as materias as cualificacións foron positivas. Na evolución obsérvase que no curso 2014-2015 a porcentaxe foi de 100%, no curso 2016-2017 baixou ao 93,40%, e xa nos cursos 2016-2017 e 2017-2018 do 100%, como comentamos. Por materias, a evolución foi a seguinte:

	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018

P5091101 - Fundamentos Metodolóxicos e Novas Tecnoloxías	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
P5091102 - A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social	100,00%	76,92%	100,00%	100,00%
P5091103 - Arte Medieval Europea	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
P5091104 - Cultura Escrita en Latín na Idade Media	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
P5091105 - Literatura Medieval en Linguas Vernáculas	100,00%	90,00%	100,00%	100,00%
P5091201 - A Escritura e o Escrito na Idade Media	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
P5091202 - A Igrexa e a Espiritualidade Medieval	100,00%	80,00%	100,00%	100,00%
P5091203 - Sociedade Medieval e Cultura Cortés	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
P5091204 - O Mundo Clásico na Idade Media	100,00%	100,00%	100,00%	
P5091205 - Mitos e Figuras no Imaxinario Medieval	100,00%	88,89%	100,00%	100,00%
P5091206 - Viaxes e Peregrinacións na Idade Media	100,00%	87,50%	100,00%	100,00%
P5091207 - Feudalismo, Territorio e Poder	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

En consecuencia, as taxas de rendemento, éxito e avaliación indican uns resultados moi favorables nos dous últimos cursos e, especialmente, no curso 2017-2018. A súa oscilación responde, polo tanto, a variacións puntuais nos cursos 2014-2015 e 2015-2016 e non a unha tendencia consolidada, sendo a situación global moi positiva. Cómpre subliñar que todos os índices superan a media da USC.

As **cualificacións** do curso 2017-2018 son moi positivas. As materias obrigatorias acadaron un magnífico nivel de cualificacións tanto nas materias obrigatorias:

- 100% de sobresalientes en *Arte Medieval Europea* e en *Cultura Escrita en Latín*,
- 90% de sobresalientes e notables en *Fundamentos Metodolóxicos*, e *A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social*,
- 80% de sobresalientes e notables en *Literatura Medieval en Linguas Vernáculas*.

Como nas materias optativas:

- 100% de sobresalientes e notables, en *Feudalismo, Territorio e Poder*,
- 80%, de sobresalientes e notables, en *Igrexa e a Espiritualidade Medieval*,
- 75%, de sobresalientes e notables, en *Mitos e Figuras no Imaxinario Medieval*,
- 66%, de sobresalientes e notables, en *Viaxes e Peregrinacións na Idade Media*,
- 57,15%, de sobresalientes e notables, en *Sociedade Medieval e Cultura Cortés*.

Polo que respecta ao **TFM**, a taxa de éxito é totalmente satisfactoria, cunha valoración do 100%. Sen embargo, como cabe esperar, as taxas de rendemento e avaliación non son tan positivas. A porcentaxe de traballos defendidos descende. No curso 2014-2015, os índices de avaliación e de rendemento foron do 68,75%; no curso 2015-2016 descendeu a 50%; no curso 2016-2017 subiu ao 60%. Para tentar incentivar a elaboración e defensa do TFM e que o número de TFM defendidos aumentase, no curso 2017-2018 considerouse importante introducir unha acción de mellora (AM-9.2 curso 2017-2018). O resultado foi moi positivo, posto que se obtivo unha porcentaxe do 86,67%. Queremos destacar neste sentido que non só se conseguiu que todos os alumnos de novo ingreso presentaran o seu TFM, senón que tamén varios alumnos de cursos previos elaboraron e defenderon o TFM, sendo así máis baixa a taxa de abandono.

Os TFM defendidos e as súas cualificacións correspondentes durante os catro cursos foron os seguintes:

- curso 2014-2015: 22 TFM, 1 Matrícula de Honra, 20 Sobresalientes, 1 Notables.
- curso 2015-2016: 11 TFM, 1 Matrícula de Honra., 6 Sobresalientes, 4 Notables.
- curso 2016-2017: 9 TFM, 3 Sobresalientes, 6 Notables.
- curso 2017-2018: 13 TFM, 1 Matrícula de Honra, 6 Sobresalientes, 5 Notables, 1 Aprobado.

Dos datos expostos despréndese que ao longo dos catro cursos foron defendidos un total de 55 TFM, obtendo, ademais, unhas cualificacións excelentes e non habendo en ningún curso unha cualificación de suspenso, algo digno de destacar. Apórtanse títulos e titores de TFM defendidos nos cursos 2016-2017 e 2017-2018 en E 24.





### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN Y RENDIMIENTO:

**Estándar: Los resultados de los indicadores del programa formativo son congruentes con el diseño, la gestión y los recursos puestos a disposición del título y satisfacen las demandas sociales de su entorno.**

Analizar los principales datos y resultados del título y valorar la evolución de un núcleo de indicadores mínimo. Comprobar si los resultados se adecúan a las previsiones y características del título.

#### 7.1.- Los principales datos e indicadores del título evolucionan favorablemente de acuerdo con las características del título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Los indicadores se tienen en cuenta para la mejora y revisión del plan de estudios.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

##### 1) Indicadores de demanda

O máster ten unha traxectoria extensa con dez edicións de oferta universitaria, e tivo moi boa acollida desde o seu inicio, como se sinalou no apartado 1.1. Destaca a transversalidade do perfil de acceso dos estudantes, acorde co carácter interdisciplinar do título. Aínda que a demanda do máster sufriu un descenso de alumnos de novo ingreso no curso 2015-2016, no curso 2016-2017 e particularmente no curso 2017-2018, a situación no curso 2018-2019 volve xa a ter uns índices satisfactorios cunha matrícula de 19 alumnos. Esta baixada de alumnos puido ser debida á maior competencia con outros títulos de posgrao de tipo investigador que se ofertan na Facultade de Filoloxía (Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura, Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, Máster Universitario en Lingüística Aplicada e Máster Universitario Erasmus Mundus en Lexicografía), e na Facultade de Xeografía e Historia (Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, Máster Universitario en Historia Contemporánea, Máster Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España ss. XVI-XVIII, Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte), e tamén co máster profesional de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. As AM-3 (tarefas 3.1. e 3.2.) e AM-4 postas en marcha trataron de paliar este escenario dando a coñecer o máster a través de múltiples canles (foron distribuídos trípticos en foros moi diversos —desde a alumnos de 4º curso de diferentes graos a reunións científicas en lugares variados que tivesen como interese os estudos medievais—, carteis, difusión en medios de comunicación, etc.), participación en sesións concertadas de información de mestrados, mellor visibilización da información en webs institucionais, ademais da gran implicación por parte do PDI do máster en dar a coñecer estes estudos a todos os niveis (véxase o tríptico informativo en E32).

A taxa de ocupación, por conseguinte, ofrece uns índices fluctuantes e baixos nos cursos de descenso de alumnos: no curso 2014-2015 89,29%; no curso 2015-2016 50,00%; no curso 2016-2017, 39,29%; no curso 2017-2018, 35,71%. Esta situación mellora ostensiblemente durante este curso académico 2018-2019.

Dado que a demanda foi descendendo nos tres cursos arriba indicados e non se prevé que se volva ás cifras iniciais tendo en conta as circunstancias do contexto académico arriba explicitadas (no curso 2013-2014 fora de 23 alumnos e no curso 2014-2015 de 25 alumnos), optouse por reducir a oferta inicial de prazas para achegarse aos parámetros reais de ocupación. As restricións que impón o regulamento, que só admite un redución do 5% do total de prazas ofertado no curso anterior, implica que só se reduciſen dúas prazas para o curso actual (2018-2019) despois de poñer en marcha a acción de mellora indicada no informe do curso 2016-2017 (26 prazas) (AM-1) Para o próximo curso propónse a continuación desta acción de mellora para rebaixar outras dúas prazas e fixar un límite total de 24 prazas ofertadas (AM-1, curso 2018-2019).

A pesar desta situación, os datos son bastante positivos, se se teñen en conta dous indicadores relevantes. En primeiro lugar, a elevada aceptación do título por parte de estudantes de fóra da comunidade galega (no 2014-2015, matricularónse un 11,76 %) (no 2016-2017, un 21,74%, no 2017-2018, un 25 %, e no 2017-2018, un 26,67 %), e incluso de estudantes estranxeiros (no 2014-2015, houbo un 5,88%) (no 2015-2016, un 4,35%, e no 2016-2017, un 6,25%). Un segundo factor a ter en conta é a cualificación media de acceso, sempre superior a 7, sendo a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 do 100% nos cursos 2016-2017 e 2017-2018.

Así pois, o título segue sendo atractivo como mostra a súa demanda e responde ás expectativas que nun principio se marcaran na memoria verificada. Os datos non difiren substancialmente dos presentados na renovación da acreditación realizada no curso 2014-2015.

## 2) Indicadores de resultados

Como xa indicamos no apartado 6.1., as taxas de **rendemento** e de **avaliación** son moi positivas no título nos cursos 2016-2017 e 2017-2018, superando uns totais de porcentaxe do 80% e o 90%, respectivamente; e o índice de **éxito** alcanza o 100%, demostrando, polo tanto, que os alumnos superan todos os créditos. Ademais, as cualificacións obtidas son excelentes, con puntuacións moi altas, incluso na avaliación final dos TFM, cuns resultados magníficos, como quedou posto de manifesto na análise do criterio 6 (apartado 6.1.). Neste sentido, cabe destacar que estes índices superan a media dos estudos da USC, e son tamén máis altos cos obtidos noutros mestrados da Facultade de Filoloxía (IN34CM-S01-PM-01) (IN35CM-S01-PM-01) (IN36CM-S01-PM-01).

A materia de Prácticas Externas realizadas durante o curso 2017-2018 ofrece datos moi positivos. As cualificacións son tamén excelentes (todas sobresalientes), cunhas taxas de rendemento, avaliación e éxito do 100%.

Polo que respecta á taxa de **graduación** (IN37M-S01-PM-01), conseguiuase no curso 2017-2018 chegar a unha porcentaxe que supera amplamente a doutros másteres e a da media da USC, partindo, ademais, dunha taxa do curso precedente non tan positiva. Durante o 2017-2018 un 90% de estudantes finalizaron os estudos no tempo previsto. Anteriormente a evolución foi a seguinte: no curso 2014-2015 tivo unha cifra porcentual de 78,26%, no curso 2015-2016 ascendeu ao 88%, pero no curso seguinte 2016-2017 fora bastante baixa, un 57,14%. A coordinación estivo especialmente pendente en mellorar este índice durante o curso 2017-2018, e neste sentido contribuíu a proposta da AM-9 (AM-9.1) e unha atención personalizada (reunións varias e contactos), durante o segundo cuatrimestre, dirixida a todos os alumnos matriculados no TFM para que organizasen ben o tempo na elaboración do traballo de investigación e planificasen ben os traballos das materias dese período (que eran nas que se detectaba o abandono). Este seguimento contou tamén coa axuda particular dos titores, que estiveron vixiantes para que os alumnos entregasen partes do traballo e na supervisión das tarefas.

A duración media dos estudos (IN38CM-S01-PM-01) está dentro dos parámetros previstos: no curso 2014-2015 foi de 1,14, no curso 2015-2016, de 1,45, no curso 2016-2017 de 1,13, e no curso 2017-2018, de 1,31. A media da USC é máis alta: os alumnos tardan en rematar os seus estudos 1,44 anos.

A taxa de abandono (IN42M-S01-PM-01) non é moi positiva nos últimos cursos: foi do 0% no curso 2014-2015, do 8% no curso 2015-2016, do 28,57% no curso 2016-2017, e do 10% no curso 2017-2018. Como se comentara no informe de seguimento do curso 2016-2017, a causa deste ascenso tan notable debeuse a que se están computando casos de abandono de cursos anteriores, que contabilizan posteriormente. Con todo, no curso 2017-2018 a taxa alcanza uns índices máis favorables, debido a que taxa de graduación foi moi elevada.

## 3) Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión

A coordinación e a comisión do título están moi atentos a todos os indicadores para mellorar os estudos. Neste sentido, cabe mencionar a implantación das prácticas de empresa, como se comentou anteriormente, atendendo á demanda de tipo profesional detectada, a difusión dos estudos a través de diferentes medios para a captación de alumnos, á atención personalizada no segundo cuatrimestre para que o alumno planifique ben o tempo de traballo para a consecución da elaboración do TFM, ás reunións e contactos persoais levados a cabo, aos cuestionarios en papel realizados para coñecer a opinión sobre o título, etc. Neste sentido, cabe mencionar a proposta da AM-8 (2018-2019) realizada a petición dos alumnos no debate da reunión da Comisión do Título que tivo lugar para a aprobación deste autoinforme.

## 7.2.- Los índices de satisfacción de los estudiantes, del profesorado, de los egresados y de otros grupos de interés son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción con personal académico, personal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, movilidad, etc.
- Los indicadores de satisfacción se tienen en cuenta para la mejora y revisión del plan de estudios.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A **satisfacción dos estudantes coa docencia recibida** é un aspecto dos máis valorados no título ao longo de todos estes cursos, e obsérvase, ademais, unha progresión cada vez máis positiva na evolución do máster. Os índices revelan unha valoración por riba do catro sobre cinco puntos nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018. Nestes dous últimos períodos ascendeu a valoración a 4,38 e 4,34 sobre cinco, respectivamente (IN46M-S01-PM-01) (no curso 2014-2015 a puntuación foi de 3,93 sobre 5). Hai que notar que, no curso 2017-2018, os resultados aportados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos son parciais e corresponden ao I cuatrimestre, posto que se produciu a incidencia xa comentada de que os alumnos non tiveron acceso a cubrir os cuestionarios das materias optativas do segundo cuatrimestre.

Curso 2014-2015	Curso 2015-2016	Curso 2016-2017	Curso 2017-2018
3,93 sobre 5	4,05 sobre 5	4,38 sobre 5	4,34 sobre 5

Parece oportuno facer un relación por materias a fin de observar o comportamento individual de cada unha delas. Para iso utilizaremos os datos dos cursos 2016-2017 e 2017-2018.

Curso 2016-2017. Materias obrigatorias:

- *Fundamentos Metodolóxicos e Novas Tecnoloxías*: 4,41 sobre 5 (índice de participación de 63,64%).
- *Arte Medieval Europea*: 4,19 sobre 5 (índice de participación de 58,33%).
- *A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-social*: 4,29 sobre 5 (índice de participación de 66,67%)
- *Literatura Medieval en Linguas Vernáculas*: 4,64 sobre 5 (índice de participación de 50%)
- *Cultura Escrita en latín na Idade Media*: 3,79 sobre 5 (índice de participación de 58,33%).

As materias optativas obteñen a valoración seguinte:

- *Feudalismo, Territorio e Poder*: 4,4/5 (índice de participación de 54,55).
- *A Igrexa e a Espiritualidade Medieval*: 4,23/5 (índice de participación de 50%).
- *A Escritura e o Escrito na Idade Media*: 4,6/5 (índice de participación de 33,3%).
- *Mitos e Figuras no Imaxinario Medieval*: 4,76/5 (índice de participación de 75%).
- *Mundo clásico na Idade Media*: 4,57/5 (índice de participación de 60%).
- *Sociedade Medieval e Cultura Cortés*: 4,85/5 (índice de participación de 40%).
- *Viaxes e Peregrinacións na Idade Media*: 4,95/5 (índice de participación de 20%).

Curso 2017-2018. Materias obrigatorias:

- *Fundamentos Metodolóxicos e Novas Tecnoloxías*: 4,41 sobre 5 (índice de participación de 50%).
- *Arte Medieval Europea*: 4,51 sobre 5 (índice de participación de 58,33%).
- *A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-social*: 4,23 sobre 5 (índice de participación de 66,67%)
- *Literatura Medieval en Linguas Vernáculas*: 4,49 sobre 5 (índice de participación de 54,55%)
- *Cultura Escrita en latín na Idade Media*: 3,98 sobre 5 (índice de participación de 36,36%).

Obsérvase nos dous cursos que as materias obteñen un nivel de satisfacción moi elevado, por riba de 4 sobre 5, en todos os casos, coa excepción de *Cultura Escrita en Latín na Idade Media*, que presenta unha valoración, próxima a 4, pero algo máis baixa có resto de materias.

O índice de participación segue a estar nunha media non demasiado satisfactoria. A porcentaxe de participación nestes cuestionarios oscila: no curso 2014-2015 foi do 80,55%, no curso 2015-2016 baixou a 45%, no curso 2016-2017 subiu a 76,92%, e no curso 2017-2018 foi do 53,85%. É un problema que persiste, desde que no curso 2011-2012 se produciuse o cambio de enquisas en papel a electrónicas. A coordinación do máster, o Decanato e incluso os docentes contribúen a incentivar e fomentar a participación dos alumnos a través de múltiples medios. As AM-6.1 e AM-6.2 (curso 2016-2017) tentaban precisamente incidir neste aspecto, se ben parece que non se acadou o éxito desexado no curso 2017-2018 (coa incidencia de que falta o nivel de resposta final polo problema das enquisas das materias optativas). Con todo, hai que precisar que se trata dun problema conxuntural aos estudos, sobre todo, os de posgrao, que pode ser debido á excesiva carga de enquisas recibidas ao longo do estudos de grao. Neste sentido, púxose en marcha durante o curso 2017-2018 o modelo de enquisas en papel, nas que se preguntaba por cuestións globais de valoración do título e que pensamos habería que continuar, pois, contribúe a detectar e coñecer a valoración dos estudos e tamén os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do título (AM-7 curso 2018-2019).

Así mesmo, a **satisfacción do alumnado coa titulación** ofrece unha valoración elevada (comentamos os datos dos cursos 2016-2017 e 2017-2018). Analizando os resultados dos cuestionarios de satisfacción dos alumnos (4311760\_INF.22\_2017-2018) (taxa de resposta do 40%), obsérvase unha valoración moi satisfactoria con índices superiores á media doutros másteres impartidos na USC, e as seccións máis relevantes como a planificación e desenvolvemento, organización temporal, desenvolvemento das ensinanzas e coordinación alcanzan moi bos resultados:

- (i) Orientación ao alumnado: 3,66 puntos sobre 5 (curso 2016-2017); 3,44 puntos sobre 5 (curso 2017-2018).
- (ii) Planificación e desenvolvemento das ensinanzas. Destacamos as preguntas:
  - Información dispoñible sobre o ensino e avaliación da aprendizaxe: 4,00 (curso 2016-2017); 3,67 (curso 2017-2018) (a media dos másteres da USC é de 3,20 (cursos 2016-2017 e 2017-2018).
  - Organización temporal de materias: 4,00 (curso 2016-2017); 3,67 (curso 2017-2018) (a media dos másteres é de 2,68 e 2,72, respectivamente).
  - Desenvolvemento das ensinanzas: 4,00 (curso 2016-2017); 3,33 (curso 2016-2018) (a media dos másteres é de 3,00 e 2,96, respectivamente).
  - Coordinación entre materias: 4,00 (curso 2016-2017); 3,00 (curso 2016-2018) (a media dos másteres é de 2,63 e 2,58, respectivamente).
- (iii) Recursos materiais e servizos: 4,8 puntos sobre 5 (curso 2016-2017); 3,8 puntos sobre 5 (curso 2017-2018).
- (iv) Resultados (competencias adquiridas): 4,5 puntos sobre 5 (curso 2016-2017); 3,5 puntos sobre 5 (curso 2017-2018).
- (v) Xestión da calidade: 4 puntos sobre 5 (curso 2016-2017); 3,75 puntos sobre 5 (curso 2017-2018).

O nivel de **satisfacción coa docencia por parte do profesorado** (IN47M-S01-PM-01) é elevado, aínda que se percibe un lixeiro descenso na participación: no curso 2014-2015 a valoración foi de 4,34 sobre unha puntuación de 5 (participación do 42,38%), no curso 2015-2016 de 4,10 sobre 5 (participación do 42,42%), no curso 2016-2017 baixo algo a cifra a 3,98 sobre 5 (participación do 46.88%) e no curso 2017-2018 volve a estar nos parámetros iniciais con 4,22 sobre 5 (participación do 51.72%).

As enquisas de **satisfacción do profesorado coa titulación** (4311760\_INF23\_2017-2018) mostran unha valoración satisfactoria do título e cabe destacar que o nivel dos índices do curso 2017-2018, máis elevados ca no anterior e superiores a catro puntos sobre unha escala de cinco:

- Obxectivos e competencias: 4,06 sobre 5 (curso 2016-2017); 4,50 sobre 5 (curso 2017-2018).
- Planificación e desenvolvemento das ensinanzas: 3,87 sobre 5 (curso 2016-2017; 4,25 sobre 5 (curso 2017-2018). O ítem centrado na "coordinación de materias" é o que recibe menos puntuación 3,50 (curso 2016-2017) e 3,80 (curso 2018-2019). Os horarios da titulación
- Recursos humanos: 4,00 sobre 5 (curso 2016-2017); 4,10 sobre 5 (curso 2017-2018).
- Recursos materiais e servizos: 4,10 sobre 5 (curso 2016-2017); 4,11 sobre 5 (curso 2017-2018).
- Resultados: 3,69 sobre 5 (curso 2016-2017); 4,20 sobre 5 (curso 2017-2018).
- Orientación do alumnado: 3,33 sobre 5 (curso 2016-2017); 4,05 sobre 5 (curso 2017-2018).
- Xestión da calidade: 3,72 sobre 5 (curso 2016-2017); 4,22 sobre 5 (curso 2017-2018).

A participación por parte do profesorado non está nun nivel moi satisfactorio nestes anos. A causa pode estar relacionada co gran volume de cuestionarios que se reciben. Convirá, polo tanto, prestar atención a esta cuestión para concienciar aos profesores da importancia de contestar aos cuestionarios a través de recordatorios por correo electrónico durante o período no que as enquisas están accesibles.

O programa de **Prácticas Externas** recibiu unha valoración excelente, que evidencia que a súa implantación está ben planificada tanto a nivel da xestión como a nivel das funcións que se deben realizar nas entidades elixidas polos alumnos. A satisfacción por parte dos alumnos recibe unha puntuación de 4,79 sobre 5 (IN19M-PC-09), e os títulos académicos salientan tamén a súa estimación moi favorable (4,2 sobre 5) (IN21M-PC-09). Véxanse criterios 1.3. e 7.1.

Polo que respecta á **satisfacción do PAS** co traballo desenvolvido (IN49-PS-01), a valoración é moi semellante ao longo destes cursos, apenas oscila:

- Curso 2014-2015: 3,58 sobre 5.
- Curso 2015-2016: 3,67 sobre 5.
- Curso 2016-2017: 3,50 sobre 5.
- Curso 2017-2018: 3,69 sobre 5.

Os cuestionarios sobre a **satisfacción de egresados co título** non foron cubertos nos dous últimos cursos, a pesar de que no curso 2017-2018 se puxo en marcha unha acción de mellora específica para incentivar a participación. Só se teñen resultados do curso 2014-2015 e 2015-2016. Os niveis de valoración nestes dous cursos reciben a puntuación de 3,05 sobre 5. A acción de mellora 5.1. incluíu a elaboración dun cuestionario en papel, no que se preguntaba de forma global sobre as fortalezas e debilidades que se percibían no título e que foi remitida por correo electrónico aos egresados. Os resultados sobre a valoración global foron moi positivos, pero a enquisa só foi contestada polo 50% dos egresados, polo que o índice de participación segue manténdose en parecidos parámetros. Haberá pois que fomentar e insistir na participación dos egresados nas diversas formas de consulta achegando a data de consulta á presentación e defensa do TFM (AM-7 curso 2018-2019). De todos modos, o seguimento deste colectivo preséntase difícil en todos os estudos de mestrado, derivado de que a súa situación laboral é moi diversa e soen atender a outros intereses. Ademais, a carga e o volume de cuestionarios que se realizan ao longo dos cursos académicos, primeiro, no grao e, logo, no posgrao, complica en gran medida que se preste atención a estes mecanismos de consulta.

Cabe destacar que no cuestionario en papel os alumnos apreciaron, sobre todo, o seu carácter interdisciplinar e as viaxes de estudo como reforzo dos coñecementos teóricos e do aspecto social de relacións entre compañeiros, e entre alumnos e profesores. Ademais, apuntan, como moi positivo, a comunicación entre a comisión académica e o estudiantado, a participación dentro das materias de conferenciantes de relevancia, a implicación do profesorado (e tamén a súa excelencia, proximidade, o asesoramento en traballos e no TFM, atención nas titorías), así como o bo clima de debate.

Entre os aspectos indicados a mellorar, sinaláanse a coordinación dalgunhas materias, un maior número de lecturas en certas materias (traballo con textos), a modificación de horarios e aulas que se leva a cabo e desorienta aos alumnos, que se teña en conta para a impartición de materias con poucos alumnos as aulas pequenas, e unha maior uniformidade no criterio de cualificacións das materias.

En conclusión, os índices de satisfacción por parte dos diferentes axentes que interveñen no título son moi positivos e mostran un alto nivel de satisfacción. A comparación coas medias doutros másteres impartidos na USC indican que o título segue respondendo aos parámetros establecidos no seu inicio e que o seu desenvolvemento é adecuado. As

diferentes taxas de resultados, a planificación dos estudos, os recursos humanos e materiais, etc. son aspectos moi destacados nos diferentes cuestionarios. Cabe sinalar que, segundo o manifestado polos estudantes en entrevistas, reunións e os cuestionarios particulares, os estudos reciben unha alta consideración. A coordinación estivo sempre moi atenta a detectar calquera problema que poida xurdir ao longo do curso, a través de contactos persoais e de reunións. No curso 2017-2018 implantouse a AM-8.1. coa incorporación dunha sección específica de queixas e suxestións na web propia, a fin de detectar nun prazo inmediato calquera problema e de que quedara constancia escrita do mesmo (véxase <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/suxestions-e-queixas/>). Hai que notar que este servizo non foi empregado polos alumnos ata agora ao longo do curso 2018-2019.

### **7.3.- Los valores de inserción laboral de los egresados del título son adecuados al contexto socio-económico y profesional del título.**

Aspectos a valorar:

- Análisis de los históricos de resultados existentes en los estudios realizados sobre inserción laboral del título.
- Adecuación de la evolución de los indicadores de inserción laboral en función de las características del título.
- Los indicadores de inserción laboral se tienen en cuenta para la mejora y revisión del plan de estudios.

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

O principal obxectivo do máster fixébase en que os graduados adquiriran o nivel de capacitación máis alto e competitivo para afrontar todas aquelas actividades investigadoras relacionadas co patrimonio medieval europeo. Esta finalidade coa que naceu o título é confirmada co alto número de estudantes que, despois de rematar os seus estudos continúan coa liña de investigación iniciada no máster no Programa de Doutoramento en Estudos Medievais a tempo completo ou a tempo parcial, como xa se mencionou (véxase Anexo 1, E31). Ademais, como se indicou no apartado 1.1., o título aporta unha boa capacitación para certas saídas profesionais como guías turísticos, persoal de traballo en museos, bibliotecas, arquivos e diferentes entidades e organismos nas que se precisa unha completa formación na Idade Media. Neste sentido, a realización das Prácticas Externas pode tamén ser de grande axuda para ampliar e reforzar esta capacitación. Así mesmo, os coñecementos adquiridos contribúen en gran medida a que un numeroso grupo de egresados que participan nas oposicións de profesorado de ensino secundario de diferentes disciplinas (diversas filoloxías, historia e arte, fundamentalmente) superen as probas con éxito e gañen esa oposición.

O datos concretos sobre a inserción laboral do título son escasos. Aténdonos aos indicadores aportados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, hai que sinalar:

(i) A taxa de éxito dos egresados (IN50CG-S01-PM-01) é do 100% nos cursos 2015-2016, 2016-2017, e no curso 2017-2018 descendeu a 95,59% (anteriormente non había medición).

(ii) A taxa de eficiencia, é dicir, o rendemento dos egresados (IN53M-S01-PM-01) é elevada:

- 2015-2016: 92,44 %,
- 2016-2017: 100%,
- 2017-2018: 95,59%.

Polo que respecta á inserción laboral dos egresados, falta unha actualización da táboa 4311760\_EIL-SIIU\_2017-2018. A ACSUG recompilou datos desde o ano 2013, pero carecemos dunha gráfica posta ao día desde a perspectiva do curso 2017-2018. Somos conscientes de que o compendio destas variables presenta dificultades.

Á vista desta situación, comentamos os datos extraídos do documento 4311760\_EIL-SIIU\_2016-2017. Os indicadores dos resultados da inserción laboral dos estudantes proporcionados conteñen a información: a partir da cohorte de egresados 2009-2010 cun seguimento de seis anos e, ademais, aportación de datos da cohorte de egresados 2013-2014, cun seguimento aos dous anos de egresar.

Os datos aportados indican que:

- 1) Na cohorte de egresados do curso 2009-2010.
  - 1 curso despois de obtido o título, o 35,7% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade bastante importante (66,7%), e de contratos indefinidos do 33,3%.
  - 2 cursos despois de obtido o título, o 50% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade do 60,7%, e de contratos indefinidos do 40%.
  - 3 cursos despois de obtido o título, o 64,3% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade do 71,4%, e de contratos indefinidos do 28%.
  - 4 cursos despois de obtido o título, o 71,4% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade do 77,8%, e de contratos indefinidos do 22,2%.
  - 5 cursos despois de obtido o título, o 28,6% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade do 33,3%, e de contratos indefinidos do 66,7%.

- 6 cursos despois de obtido o título, o 50% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade do 60%, e de contratos indefinidos do 40%.
- 2) Na cohorte de egresados do curso 2013-2014.
- 2 anos despois de obtido o título o 18,8% estaban afiliados á Seguridade Social, cun índice de temporalidade do 100%.

Os resultados non son, polo tanto, significativos. A tendencia que parece percibirse é unha destacada temporalidade nos postos de traballo e unha taxa de inserción laboral non alta, uns trazos acordes coas características do panorama laboral existente. De todos modos, hai que dicir que, ao ter o título un carácter investigador, estes datos deberían estar orientados a unha franxa temporal máis ampla.

<b>MODIFICACIONES DEL PLAN DE ESTUDIOS</b>	
<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>JUSTIFICACIÓN</b>



<b><u>LISTA DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u></b>			
<b>Criterios</b>	<b>Nº</b>	<b>Evidencia / Indicador</b>	<b>Documento/enlace</b>
Todos	E1	Memoria Vigente del título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimiento incluyendo los planes de mejora	ACSUG
1	E3	Análisis del perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme
1,6	E4	Guías docentes de las materias (competencias, actividades formativas, metodologías docentes, sistemas de evaluación, resultados de aprendizaje)	<a href="#">Web propia: materias</a> <a href="#">Web de F. de Filología: materias</a>
1,3	E5	Actas de las reuniones celebradas, al menos de los dos últimos cursos, de la Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidad (las actas deben incorporar un apartado con los acuerdos adoptados en cada reunión)	Actas 2016-2017 Actas 2017-2018
1	E6	Listado de estudiantes que han solicitado reconocimiento de créditos indicando el número de créditos reconocidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.)	Recoñecemento_de_creditos_MEM.pdf
1	E7	Informe sobre el reconocimiento de créditos para valorar su adecuación	Visita
1,6	E8	Informes/documentos donde se recojan las conclusiones de los procedimientos de consulta internos y externos para valorar la relevancia y actualización del perfil de egreso de los estudiantes del título/valoración adquisición resultados de aprendizaje	Actas do título Autoinforme

1,7	I1	Número de estudantes de nuevo ingreso por curso académico	4311760_P.Ind_2017-2018
			4311760_INF.16_2017-2018
			4311760_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	En el caso de máster, número de estudantes de nuevo ingreso por titulación de procedencia	4311760_I2_2017-2018
1	I3	Evolución de los indicadores de movilidad (Número y porcentaje de estudantes que participan en programas de movilidad sobre el total de estudantes matriculados)	4311760_P.Ind_2017-2018
			5040_INF.03_2017-2018
2	E9	Página web de la universidad/centro/título (debe estar incluida como mínimo la información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do centro</a>
			<a href="#">Web propia</a>
3	E10	Documentación del SGC (política y objetivos de calidad, manual de procedimientos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias de la implantación de los procedimientos del SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Planes de mejora derivados de la implantación del SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análisis de las encuestas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme
Todos	I4	Resultados de las encuestas de satisfacción de todos los grupos de interés del título	4311760_P.Ind_2017-2018
			4311760_INF.04_2017-2018
			5040_INF.05_2017-2018

			4311760_INF.06_2017-2018
			4311760_INF.07_2017-2018
			4311760_INF.08_2017-2018
			4311760_INF.09_2017-2018
			4311760_INF.10_2017-2018
			5040_INF.11_2017-2018
			4311760_INF.13_2017-2018
			4311760_INF.14_2017-2018
			5040_INF.21_2017-2018
			4311760_INF.22_2017-2018
			4311760_INF.23_2017-2018
			4311760_Informe_de_indicadores_2017-2018
3	I5	Resultados de los indicadores que integran el SGC	4311760_P.Ind_2017-2018
			4311760_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre el profesorado (número, experiencia	4311760_E15_2017-2018

		docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc).CV profesionales externos	
4	E16	Información sobre el personal de apoyo por Centro (número y cargo/puesto desempeñado)	5040_E16_2017-2018
4	E17	Análisis de las encuestas de evaluación de la docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme
4	I6	Porcentaje de participación del profesorado del título en planes de formación de la universidad y en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I7	Porcentaje de participación del PAS del centro en planes de formación de la universidad y en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I8	Resultados de las encuestas de evaluación de la docencia (%participación, resultados, evolución, )	4311760_INF.13_2017-2018
			4311760_INF.14_2017-2018
4	I10	Evolución de los indicadores de movilidad (número y porcentaje de profesores que participan en programas de movilidad sobre el total de profesorado del título)	4311760_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre los recursos materiales directamente relacionados con el título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica y programas de acogida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Lista de los centros/entidades para la	<a href="#">Web propia</a>

		realización de prácticas externas curriculares o extracurriculares	
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="#">Web propia</a>
5	E21	Fondos bibliográficos e outros recursos documentáis relacionados coa temática do curso	Visita
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
5	E23	Convenios en vigor con las entidades donde se realizan las prácticas	Visita
6	E24	Listado de trabajos fin de grado/máster de, al menos, los dos últimos cursos académicos (título, tutor y calificación)	TFM_MEM_2016-2017.pdf TFM_MEM_2017-2018.pdf
6	E25	Informes de las calificaciones de cada una de las materias del título	4311760_INF.15_2017-2018
6	E26	Mecanismos utilizados para el análisis de la adquisición de los resultados de aprendizaje	Autoinforme
6	E27	Documentación para la revisión transversal, de las materias seleccionadas (material docente, exámenes u otras pruebas de evaluación realizadas,...)	Visita
6	E28	Trabajos fin de grado/máster seleccionados	Visita
6	E29	Informes prácticas	Visita
7	E30	Análisis de los resultados del título (incluidos indicadores inserción laboral y SIU)	Autoinforme
6,7	I12	Indicadores de resultados: - Tasa de graduación - Tasa de abandono - Tasa de eficiencia - Tasa de rendimiento - Tasa de éxito	4311760_P.Ind_2017-2018
			4311760_INF.17_2017-2018

		- Tasa de evaluación	4311760_INF.18_2017-2018
			4311760_INF.19_2017-2018
			5040_INF_SIIU_2017-2018
			4311760_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I13	Relación de la oferta/demanda de las plazas de nuevo ingreso	4311760_P.Ind_2017-2018
			4311760_INF.CiUG_2017-2018
			4311760_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	4311760_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (expositiva, interactiva.....)	4311760_P.Ind_2017-2018
			4311760_MedUSC_cursocelda
			4311760_Informe_de_indicadores_2017-2018
1,5,7	E31	Relación de actividades complementarias do plan de estudos	<b>Anexo 1</b> FPU-Predoc-Posdc.docx <b>Anexo 2</b> Cursos_congresos_2017-18.xls <b>Anexo 3</b> Seminarios_2017-18.xls <b>Anexo 4</b> Viaxes de estudos.docx
2	E32	Información sobre o título	<b>Tríptico MEM 2018-19</b>